

TERRA DE OUTES 53

Xaneiro - Marzo 2021

1€

neste nº

A xurisdición de Muros (XVII)
Que facer cos aforros?
Andainas
O último que se perde é a esperanza
Árbores e bosque na normalización
lingüística galega (II)
...e as nosas seccións habituais



Entrevista a...
A Tajea

Editorial

Terra de Outes premiada

O pasado 19 de decembro, como precioso agasallo de Nadal, a nosa asociación foi galardoada pola A.C. Barbantia co **Premio á Iniciativa Cultural no Barbanza 2020**. O sereo de Sargadelos que Barbantia outorga aos premiados foi recibido por Lidia Vicente e Xesús Mato, membros da directiva de Terra de Outes, da man de Manuel Cartea, presidente da asociación que convoca anualmente estes premios, no transcurso da **XIV GALA PREMIOS BARBANTIA DA CULTURA 2020**, celebrada no Centro Sociocultural - Auditorio de Rianxo. A dita gala foi presentada por Duarte Galbán e nela tamén Clodio González Pérez, escritor, director da editorial Toxosoutos e membro do padroado do Museo do Pobo Galego, recibiu o **Premio Barbantia da Cultura Galega** e Esther Carrodegua, actriz, autora de teatro e directora da mítica agrupación teatral Aíriños de Rianxo, o **Premio á Traxectoria Cultural no Barbanza**.

O galardón, sinceramente agradecido polos nosos representantes, Lidia Vicente e Xesús Mato, é un recoñecemento comarcal á nosa asociación, de curta traxectoria (só 15 anos), pero intensa actividade cívica (defensa do medio ambiente, homenaxes ás vítimas do franquismo, celebración do Día Internacional da Muller...) e cultural (celebración do Bicentenario de Añón, organización do XI Encontro de Embarcacións Tradicionais, once Xornadas de Exaltación do Patrimonio Cultural, publicación de libros e esta revista trimestral que chega aquí ao nº 53, a restauración de embarcacións tradicionais e do Muíño Grabiél...), polo que para os seus integrantes constitúe motivo de orgullo, como o é tamén ser a primeira entidade en representar a Outes nestes premios que se veñen celebrando desde 2006.

A nova, ademais de gratificante, é tamén un estímulo para proseguir co noso labor a prol da cultura e o pobo de Outes e, por último, os parabéns colleitados no acto de entrega do premio quereámos facer extensivos a tódolos amigos, amigas, colaboradores, colaboradoras da nosa asociación e, por suposto, aos lectores e lectoras desta nosa revista, un dos nosos máis prezados froitos.



Dicionario xeográfico Xoán Mariño

Abanqueiro. Dise do empregado de Abanca en Boiro.

Arkansas. Territorio dos Estados Unidos de onde veñen os arkánxeles, soldados das tropas celestiais que combaten aos infieis en Iraq e Afganistán.

Burdeos. Cidade francesa onde se crearon as primeiras casas de citas. Velaí que no resto do mundo lles chamen burdeis.

Euscádiz. Colonia de emigrantes gaditanos no País Vasco.

Mediterráneo. Persoa neófita en meditar en ras.

Minneapolis. Cidade dos EE.UU. fundada por Sta. Minia antes de ser canonizada e traída para Brión.

Minniesota. Personaxe de Walt Disney que serve de imaxe para a sota dunha baralla americana.

O Salvador. País centroamericano que redimiu o mundo dos seus pecados.

Director: Xosé M. Vázquez Luhía-Especht

Consello de Redacción: Domingo Campos, Xoán X. Mariño, Manuel do Río, Lidia Vicente, Ramón Blanco

Edita: A.C.C. Terra de Outes

Maqueta e imprime: Grafinoia, S.L.

Correo electrónico: terradeoutes@gmail.com

Visita a nosa páxina web:

www.terradeoutes.com

Revista subvencionada por:



**Deputación
DA CORUÑA**



Concello de Outes

Nota aclaratoria: No número anterior desta revista publicouse como imaxe de portada unha fotografía cedida por Eladio Lores Gómez. Na páxina de créditos, onde aparecía o pé de foto da mesma, a identidade dos mestres retratados non coincide cos nomes e disposición que el lle facilitara a Ramón Blanco, redactor desta revista. O texto correcto é o seguinte: Imaxe da portada: Mestres do colexio do Cruceiro de Roo, anos 60. De dereita á esquerda: Eladio Lores Outón, Filomena Pena Castro, Avelino Alborés Gosende, Elvira Pedrosa Blanco, Enrique Álvarez Gantes, Pilar Tarrío Varela. Arquivo: Eladio Lores Gómez. O consello de redacción de Terra de Outes ofrece a súa petición de desculpas a calquera das partes que puidesen sentirse contrariadas.

Imaxe da portada: Familia González Añón diante do pazo, probablemente tralo nacemento da filla menor, Luisa, en 1904. Os pais son Juan González Sendón ("Farrapa", quen fora secretario do xulgado) e Carmen Añón Paz. As fillas e fillos, de esquerda a dereita, serían Maruja, Carmen, Luisa, Paquita, Dominga, Juan, Pepe e Enrique (máis tarde alcalde na República). O máis vello da foto é o avó, e padriño de Luisa, Juan Añón Domínguez (fillo de quen fora primo dos poetas e alcalde nos comezos do concello, Tomás Añón Martínez "o Vinculeiro"). Canto á outra muller, posibelmente sexa a noíesa Luisa Oliveira Gómez, madriña da nena.

XI MUIÑADA

O pasado mes de outubro, a asociación Terra de Outes celebrou a súa XI MUIÑADA, as xornadas que cada ano adica á exaltación do patrimonio cultural de Galicia e que nesta ocasión quixo que xirase a redor ao Camiño de Santiago por Outes, coa finalidade de darlle un impulso, polas implicacións económicas que comporta, á reclamación do seu recoñecemento como itinerario xacobeo oficial que veñen realizando desde hai varios anos non só diferentes entidades outenses, senón de toda a ría de Muros-Noia e incluso outros concellos do interior (Lousame, Rois, Brión, Ames) polos que discorre en dirección á cidade de Compostela.

Estas xornadas, previstas inicialmente para o mes de abril, houbo que pospoñelas pola imposibilidade de realizar calquera acto público naquel momento, e tiveron lugar do 14 ao 18 de dito mes de outubro na Casa da Cultura da Serra e no Centro Náutico do Freixo, contando coa colaboración da Asociación de Amigos do Camiño da Ría Muros-Noia e a subvención do Concello de Outes e a Deputación da Coruña.

Abríronse coa inauguración da exposición “O Portus Apostoli na Ruta Xacobeá” do fotógrafo Suso Xogaina, ao que seguiu unha sesión de contacontos con Historias do Camiño, a cargo do actor e monologuista Quico Cadaval.

Na xornada do xoves, 15, Jesús Picallo, presidente da asociación Solpor, que agrupa a múltiples sociedades empresariais, sobre todo vencelladas á hostalaría da área de Fisterra, falou sobre os efectos positivos para a economía daquela comarca que supuxo o Camiño de Fisterra e, acto seguido, tivo lugar unha mesa redonda sobre as Repercusións económicas para Outes da oficialización do Camiño de Santiago pola ría de Muros-Noia, na que participaron o empresario Manuel Lema, pioneiro nesta reivindicación, Soledad Agra, exsecretaria da Asociación Turística Comarcal, que iniciou o

labor de buscar tal recoñecemento diante das autoridades, e José Senande, hostaleiro de Muros, actual presidente da dita asociación.

A seguinte xornada serviu para que os historiadores noieses Xerardo Agrafoxo e Pedro García se referisen á documentación histórica que xustifica a antigüidade da Ruta Xacobeá pola nosa ría. Pecharon o acto do venres Fran Calo, presidente da Asociación de Amigos do Camiño da Ría Muros-Noia e Mario César Vila, historiador e arqueólogo, que deron conta diante das diferentes institucións (Consellería de Cultura, Dirección Xeral de Patrimonio, Cabido da catedral) dos pasos que ata agora se foron dando de cara á oficialización do Camiño de Santiago pola Ría de Muros-Noia, así como do deseño do trazado do itinerario xacobeo que se realizou por encargo da Asociación de Concellos do Camiño da Ría de Muros-Noia e que uns días despois se presentou oficialmente.

O sábado, 17 de outubro, no Centro Náutico do Freixo celebrouse outra mesa redonda ó redor de O Xacobeo como oportunidade de desenvolvemento económico, na que participaron Nava Castro, secretaria xeral de Turismo; Teresa Villaverde, alcaldesa de Lousame e presidenta da Asociación de Concellos do Camiño da Ría de Muros-Noia; e Manuel González, alcalde de Outes.

Pechou esta XI Muiñada o domingo, 18, a realización dun roteiro alternativo do Camiño: o traxecto Outes-Noia por mar, a bordo das cinco embarcacións tradicionais de Terra de Outes ás que se xuntaron un par de veleiros máis de Noia e Muros, que levaron navegando (máis que a vela, a remo, pola falta de vento), desde O Freixo ata o Peirán do Marqués noiés, a non máis de 20 persoas debido ás restricións de espazo impostas polas autoridades sanitarias. As medidas restritivas a piques estiveron de facer suspender as xornadas por completo, mais, afortunadamente, puideron celebrarse; ademais, con grande éxito.



A xurisdición de Muros (XVII)

Interrogatorio de Cando (II)

Xoán Fco. García Suárez

Interrogatorio de Cando (Preguntas 11 a 15)

11ª.- Á **undécima**, que as especies de froitos que se collen no termo de cada unha das ditas freguesías son nesta maneira: na hortaliza de regadío e secaño de todas elas, coles galegas. Na sementeira das freguesías de Alvite, Maroñas e San Fins trigo, centeo e millo. Nas de Alborés e Coiro as mesmas especies e, ademais delas, liño. Nas de Fontecada e Chacín trigo, centeo, millo e millo miúdo. Na de Torea centeo e millo. E nesta de Cando centeo, millo e liño, nos soutos castañas. E nos prados dunhas e doutras freguesías herba de apañar, e responden.

12ª.- Á **duodécima**, que unha medida de terra de hortaliza de regadío de primeira calidade da desta freguesía de Cando e da de Torea, vale un ano con outro reducido a diñeiro vinte reais de vellón, de segunda quince e de terceira dez, por non ter comercio ningún e servir só para o uso dos seus donos. Sendo secaño de primeira calidade, tanto das ditas dúas freguesías como das sete restantes, estimanlle en dezaseis reais de billón, de segunda en doce e de terceira en oito. Nesta freguesía de Cando seméntanse e recóllense no labradío regadío de todas as calidades cinco froitos en tres anos, desta maneira: o primeiro ano millo soamente; o segundo centeo, e da súa restreba ou segunda man, millo; e no terceiro liño, e da súa restreba millo; en cuxa intelixencia unha das ditas medidas de terra, sendo de primeira calidade e sementada cunha ordinaria cultura produce o primeiro ano cinco ferrados de millo, no segundo catro de centeo e tres de millo, e no terceiro tres feixes ou lagoreiros de liño (que cada un é o que unha muller pode levar na cabeza), e o mesmo ferrado de liñaza que se lle sementou e tres ferrados de millo da súa restreba. Sendo de segunda calidade, a terceira parte menos en todo iso, e de terceira a metade menos.

A medida de terra de sementeira secaño desta mesma freguesía de Cando, na que non se sementa liño nin trigo, e a de ambas especies da de Torea na que tampouco se sementan, un e outro producen sendo de primeira calidade, catro ferrados de millo o primeiro ano, e no segundo tres de centeo; sendo de segunda calidade a terceira parte menos e de terceira a metade menos.

A sementeira regadío e secaño en todas as restantes freguesías son dunha mesma produción e regúlanlle a unha medida de terra dunha ou outra especie de primeira calidade, catro ferrados de trigo, tres de segunda e dous de terceira. Sementado de centeo, tres ferrados de primeira calidade, de segunda dous e de terceira un, e de millo ten máis produción que de centeo. Sementado de millo miúdo nas freguesías de Fontecada e Chacín, que polo regular se fai en terra de secaño de terceira calidade, produce dous ferrados, e sementado de liño nas de Alborés e Coiro que de ordinario é en terra de regadío de primeira calidade dá tres feixes ou lagoreiros, e mesmo ferrado de liñaza que se botou na terra.

Un ferrado de prado de regadío de primeira calidade de todas as nove freguesías, ten ao ano de valor en diñeiro pola terra que nel produce

vinte e catro reais, de segunda dezaoito e de terceira doce. O secaño de primeira calidade dezaseis, de segunda doce e de terceira oito.

O ferrado de toxeira e xesta de primeira calidade, que se corta de tres en tres anos dá cada un catro carros e os mesmos dá o de segunda, que se corta de seis en seis e o de terceira, que é de nove en nove.

O ferrado de xunqueira de única calidade desta freguesía de Cando produce ao ano un carro desta especie.

E os montes comúns, por seren baixos, pedregosos e inútiles de natureza, non lles consideran utilidade ningunha, e responden.

13ª.- Á **décimo terceira**, que plantada unha medida de terra a carballos dos que deixan deposto nas preguntas seis, sete e oito, sendo de primeira calidade, en que entran doce e se cortan de catro en catro anos, produce seis carros de leña; de segunda en que entran dezaoito e se cortan de seis en seis, e de terceira, no que entran vinte e catro e se cortan de dez en dez, dan os mesmos carros cada unha.



Foto 1: Nesta época prolifera a construción de hórreos, como este de Cuns (Cando), para almacenar o millo que xa comeza a producirse en grandes cantidades.

A castiñeiros de primeira calidade produce tres ferrados de castañas, de segunda dous e de terceira un. A sobreiras de primeira calidade que hai nesta freguesía de Cando, dezaoto reais reducido a diñeiro; de segunda doce e de terceira nove, en cuxo produto vai regulada a cortiza que se estona de catro en catro anos, e a utilidade que pode dar a árbore cortada, polo regular aos cen anos, e responden.

14ª.- Á **décimo cuarta**, que computados uns anos con outros, estiman o ferrado de trigo en cinco reais, o de centeo en tres, o de millo groso en catro, o de miúdo en dous, o de liñaza en oito, o feixe ou lagoreiro de liño verde e en bruto, en seis; o ferrado de castañas en cinco; o carro de toxo en tres; o de leña de carballo en catro; o de xestas en dous e o de xuncos en un. E, para a renda de foros tamén regulan unha galiña en tres reais de billón; a un par de capóns en cinco; e os mesmos a un cabrito; a un carneiro dezaseis; a un año catro; a unha libra de la, un; a unha porca dez; un cuartillo de mel, catro e outro tanto ao de manteiga; unha libra de cera, oito, e dez a un carro de palla de trigo. A unha lamprea das que se pagan por foro dous reais e a unha ovella dez, e responden.

15ª.- Á **décimo quinta**, que os dereitos impostos sobre as terras das expresadas freguesías son décimo e primicia, que o dezmo se paga de dez, un, polo que respecta a grans, viño, liño, la, carneiros e porcos e a primicia polos casais antigos, e que un e outro se perciben do seguinte xeito: nesta freguesía de **Cando** percibe o cura nos lugares de Toxeira e Ponte a metade enteiramente tanto de décimo como de primicia e a outra metade restante percíbea o Priorado de San Xusto de Toxos Outos; no lugar de Insua tamén leva a metade de un e outro o mesmo cura e a outra metade o Mosteiro de San Martiño de Santiago, e nos lugares restantes dos que se compón a freguesía percibe o cura décimo e primicia enteiramente, e ademais diso tamén percibe de cada muller casada e viúva das que hai en toda a freguesía medio ferrado de centeo por razón de oblata.

Na de **San Thomé de Alvite** leva o cura enteiramente as dúas terceiras partes de décimo e primicia, e a outra terceira parte restante D. Domingo da Cal y Barrera, abade de Santiago de Rubiáns, da Chantría¹ de Ourense como o dono do Simple Sinecura da dita freguesía, e ademais diso percibe o cura por razón de oblata, de cada muller casada ou viúva, medio ferrado de trigo.

Na das **Maroñas**, leva o cura a metade enteiramente de décimo e primicia e a outra metade restante o Marqués da Serra e ademais diso percibe o dito cura de cada muller casada e viúva seis cuncas de trigo por razón de oblata.

Na de **Fontecada**, leva o cura a metade enteiramente do décimo e primicia (a excepción do lugar da Igrexa, onde leva enteiramente décimo e primicia o Arcediago de Trastámara) e a outra metade restante corresponde ao Marqués da Serra, e ademais diso percibe o cura por razón de oblata de toda muller casada e viúva medio ferrado de trigo

Na de **Torea** leva o cura a metade enteiramente dos décimos, e *in solidum* a primicia nos lugares de Amira, Lestón, San Xíán e Riomaio; e a outra metade dos décimos coa primicia de todos os demais lugares desta freguesía pertence ao Marqués de Santa Cruz. Percibe tamén o cura de cada casado un real e dezasete marabedís de billón e de cada viúvo ou viúva vinte e catro marabedís, un e outro por razón de oblata.

Na de **Alborés** leva o cura as tres cuartas partes enteiramente do

décimo e primicia. E *in solidum* por razón de decimeiro leva cinco casas nos lugares de Espigas e Chancela, nos que percibe o décimo por enteiro. E de cada muller casada e viúva de toda a dita freguesía medio ferrado de trigo por razón de oblata. E a outra cuarta parte restante dos ditos dezmos e primicia percíbea o Conde de Maceda.

Na de **San Phelix de Eirón**² leva o cura as dúas terceiras partes de décimo e primicia, e a terceira parte restante D. Andrés García, crego de menores ordes residente na Corte Romana. E ademais diso percibe o cura de toda muller casada e viúva medio ferrado de centeo por razón de oblata.

Na de **Chacín** percibe o Arcediago de Trastámara os dezmos e miudezas enteiramente do lugar de Santa Baia, e dos lugares restantes da mesma freguesía leva o Arcediago de Santa Thasia a terceira parte enteiramente do dezmo e primicia e as dúas terceiras partes restantes de un e outro o Cabido de Santiago. E o cura vicario da dita freguesía percibe de toda muller casada e viúva medio ferrado de trigo por razón de oblata.

E na de **Santa María de Coiro**, leva o cura enteiramente décimo e primicia e de toda muller casada e viúva medio ferrado de centeo por razón de oblata.

Percibe tamén a Mesa Capitular da Cidade de Santiago de cada individuo labrego das ditas nove freguesías seis cuncas de centeo por razón do Voto ao Santo Apóstolo. E en canto ás demais pensións particulares constarán das relacións dos interesados ás que se remiten, e responden.

¹Chantría: dignidade eclesiástica que dirixe o coro dunha catedral ou colexiata.

²Aquí o escribán opta por unha forma española do topónimo San Fins.



Foto 2: Escudo do Marquesado da Serra, que percibía a metade dos décimos de Santa Mariña das Maroñas e San Martiño de Fontecada.

Que facer cos aforros?

Kiko Vidal

Nestes tempos de pandemia e confinamentos, e como en tódalas crises económicas, prodúcese un efecto de incremento da desigualdade social. Mentres que unha parte da poboación ve diminuír os seus ingresos e se atopa na obriga de botar man dos aforros que teña para seguir subsistindo, outra parte da poboación mantén intactos os seus ingresos e, ao mesmo tempo, rebaixa os gastos (non viaxa, non vai a restaurantes, non compra roupa, etc.), e consecuentemente ve incrementado o seu aforo. Este é un feito real, e este ano os fogares españois incrementaron de forma notable os seus depósitos bancarios, os cales, se están en contas correntes ou de aforo nos bancos tradicionais (refírome a aqueles que teñen oficinas físicas) están producindo unha rendibilidade nula, ou incluso negativa polo efecto das comisións que estes bancos veñen aplicando. Comisións que veñen incrementándose a pasos axigantados desde que as autoridades monetarias decidiron instaurar políticas monetarias expansivas que fan que os xuros sexan moi baixos ou negativos, situación que fai irrendible o negocio bancario tradicional e obriga aos bancos que se moven nese mercado a buscar ingresos de onde sexa.

A esas persoas que viron incrementar os seus aforros no infeliz ano 2020, ou aquelas que, a pesar de reducir os ingresos, seguen mantendo aforros, vai dirixido este artigo.

Entón, que facer cos cartos que temos aparcados nos bancos de sempre e que nada nos estén rendendo?

Unha opción é non facer nada, o cal é o que está facendo a maioría da xente. Fronte a este pasivismo, temos outras alternativas que tratarei de enumerar e comentar.

A.- Unha primeira opción sería investir en TERRA. E cando digo terra refírome a terra produtiva, xa sexa de labor para ter una horta propia, ou ben a monte ao cal lle poidamos quitar unha produtividade forestal. Este tipo de investimento ten vantaxes importantes e eu considero que é a de menor risco, no sentido de que se as cousas van moito a peor, a horta sempre nos poderá dar algo de comer (os cartos en si non se comen), e o monte sempre nos poderá dar leña con que quentarnos e cocinar a comida. Dito así parece moi duro e irreal, pero lémbrovos, a modo de exemplo, que nos momentos máis duros de crise, en certos países (preguntádelles aos arxentinos) chegaronse a cultivar como hortas algúns parques urbanos (non é broma). Por outro lado, a horta e o monte pódennos dar un entretemento que moita xente valorará máis que os cartos en si mesmos.

Dende o meu punto de vista toda a xente debería ter algo de TERRA e, se non a ten, debería ser a primeira opción de investimento que debería considerar. En resumo, investir en TERRA, como todo tipo de investimento, ten vantaxes e desvantaxes.

Como vantaxes citaremos:

. Está barata. Teño oído que pola nosa zona se fixeron transaccións a prezo de 1 euro/m².

. Produce algo máis que proveito económico no sentido de que traballar a TERRA nos permite ter acceso a un lecer e a unha satisfacción ao padal, que poden resultar impagables. Refírome á ledicia que un pode sentir ao ver medrar unha árbore froiteira ou a diferenza de sabor dun tomate da nosa horta a outro mercado no súper.

. Sempre vai estar aí e, salvo que sexa unha extensión moi grande, a súa tenza como tal non paga impostos (IBI), nin nos carrega excesivos gastos anuais. Pola contra, algo sempre produce, xa sexa alimento ou árbores que nos producen leña e que sempre podemos vender a unha industria forestal ou cedelos para aproveitamento resinero.

Como desvantaxes tería:

. Calquera compra de terra supoñeríanos asumir gastos iniciais de

notario, rexistro e impostos de transmisións patrimoniais. Estes gastos, un particular non pode desgravalos de ningún xeito, co cal os estamos enterrando coa compra.

. Evidentemente, a terra e o monte demandan uns mínimos coidados que teremos que acometer.

B.-Unha segunda opción sería a de traspasar os cartos que temos nos bancos tradicionais aos chamados “NEOBANCOS”. Estas son entidades moito máis pequenas que as que coñecemos habitualmente, e que operan practicamente o 100% de forma *on-line*. Se pensamos en que bancos coñecemos, á maioría de nós custaríanos traballo chegar a unha ducia; non obstante, o Banco de España regula a esta data da orde de 120 entidades que están adheridas ao Fondo de Garantía de Depósitos. O citado fondo garante a nosa imposición en calquera banco que estea adherido a el ata un máximo de 100 mil euros por persoa/conta, é dicir, que ata 100 mil euros teremos os cartos garantidos polo Estado no caso de que o banco crebase, e polo cal ata a dita cantidade, e sempre que confiemos no Estado, non teríamos risco. O nivel de risco dun produto bancario mídese do 1 ao 6 (ou o 7 no caso dos fondos de inversión), sendo o 1 o que ten o menor risco e 6 o de maior risco. As contas correntes e de aforo e os depósitos estarían dentro dese grupo 1 de risco. Á parte dos bancos que están adheridos ao Fondo de Garantía de depósitos español tamén operan en España entidades doutras nacionalidades que están

IBEX 35

+ Seguir

INDEXBME: IB


RESUMEN

NOTICIAS

COMPARACIÓN

8.169,60 -51,20 (0,62 %) ↓

3 dic 14:01 CET · Renuncia de responsabilidad



Apertura	8.208,10
Máximo	8.223,40
Mínimo	8.154,80

baixo a supervisión nos seus respectivos bancos centrais. No caso de que sexan europeos tamén teñen unha cobertura de 100 mil euros do Fondo de Garantía do seu país. Evidentemente, se é un banco español entenderémonos no mesmo idioma, e, en caso de diverxencias, tamén nos ateremos ás leis españolas, mentres que se é un banco doutro país, calquera trámite podería incrementarse e complicarse ante calquera eventualidade.

Como xa dixen, operan en España un elevado número de bancos que non cobran comisión ningunha polas contas (nin mantemento, nin administración, nin de transferencias), non esixen ningún tipo de requisito (nin domiciliar nómina, nin domiciliar recibos, nin contratación doutros produtos), e ao mesmo tempo a maioría deles pagan polos saldos que teñamos, tanto en conta corrente ou de aforro, como nas tradicionais contas a prazo. Aínda que pola política monetaria actual do Banco Central Europeo as remuneracións son mínimas, eu nestes últimos meses conseguín ofertas de tipos de xuro que van do 0,50% ao 1% en conta corrente, e do 1% ao 1,40% en contas a prazo. É dicir que para 100 mil euros podemos obter no ano entre 500 e 1.000 euros en conta corrente e ata 1.400 euros en depósito a prazo. Evidentemente os xuros que nos pagan están suxeitos a retención do 19%, e tributan por esta razón no IRPF se non superamos 6 mil euros de rendementos de capital mobiliario. No caso de que superemos eses 6 mil euros tributaremos o 21% entre 6 e 50 mil, e o 23% se temos a sorte de superar eses 50 mil.

Vantaxes desta opción:

- Como xa dixen, non pagaremos comisións.
- Teremos os cartos dispoñibles en todo momento. Incluso na conta a prazo xeralmente permiten a cancelación anticipada, sen pagarnos xuros pero obtendo o 100% do capital. Podemos, en todo caso, buscar prazos que se adapten ás nosas previsións de necesidade de dispor dos cartos. En resumo, son produtos que teñen liquidez total, o que nos permitirá afrontar calquera continxencia que poida xurdirnos.

- Contaremos coa cobertura do Estado para un máximo de 100 mil euros en cada entidade (ou 200 mil se a conta ten dous titulares). Para isto, teríamónos que asegurar que o banco co cal queremos contratar está adherido ao fondo de garantía de depósitos español. Este feito pode comprobarse entrando na web do propio Fondo de Garantía de Depósitos ou no Banco de España. Se contratamos cun banco estranxeiro teremos que ter en conta que cantidade garante o fondo de garantía do país de orixe, que no caso da zona euro é tamén de 100 mil euros. En caso de que ese país estranxeiro non nos dea fiabilidade, atoparemos bancos españois de sobra para operar.

- Obteremos sempre unha rendibilidade; nestes momentos coído que ningún banco tradicional está pagando nada polo diñeiro líquido, mentres que nestas entidades poderemos conseguir arredor do 1%.

Como desvantaxes:

- Teremos que operar por Internet, acordarnos das claves de acceso, e algo de paciencia cando teñamos que facer algunha consulta telefónica (xa sabedes aquilo de "todos os nosos operadores están ocupados").

- Non encontrei nada que me asegure que o importe de 100 mil euros que citei non poida reducirse con futuros cambios de regulación, suposto que a curto prazo eu non prevezo.

- Se queremos ter máis de 100 mil euros (ou 200 mil se son 2 titulares) nunha soa entidade xa asumiremos o risco pola parte que supere tal cantidade. Risco que resolveríamos traballando con máis dunha destas entidades.

C.- Outra opción é **investir en inmobles** como baixos ou vivendas para alugueiro. Esta é unha opción que xa requiriría dunha cantidade elevada, salvo que esteamos dispostos a asumir endebedamento para completar o investimento.

Vantaxes desta opción:

- Se conseguimos un alugueiro adecuado e uns bos inquilinos podemos

rendibilizar satisfactoriamente o noso investimento. Eu sei dun caso recente dunha vivenda adquirida en 100 mil euros que está dando un alugueiro de 450 euros mes, o que equivale a unha rendibilidade anual do 5,4%, que está moi ben.

- É un investimento que nos cobre da inflación, no sentido de que, salvo en determinados momentos da nosa recente historia, o valor dos inmobles se vai revalorizando co tempo.


Como desvantaxes:

- Teríamos que dispor dun aforro elevado para levala a cabo, ou, noutro caso, asumir endebedamento.

- Comporta uns elevados gastos iniciais entre notario, rexistro e imposto de transmisións patrimoniais, imposto que vén sendo do 10% do prezo, polo que, incluso nun bo suposto, como mínimo teríamos que dedicar máis de dous anos de alugueiro para compensar estes gastos. A maiores teríamos que pagar o imposto de plusvalía e anualmente o IBI.

- Se non conseguimos alugar obrigaríanos a ter que asumir periodicamente os recibos habituais da vivenda: comunidade, luz, auga e gas, á parte da propia imputación de renda que teremos que facer na declaración anual

Evolución do prezo da vivenda en aluguer en España entre 2006 e 2020 (en euros por m²)



* Tomando como referencia o prezo do metro cadrado no mes de setembro de cada ano

do IRPF (rendementos de capital inmobiliario), o que podería resultarnos ruinoso.

- Corremos o risco de dar cun mal inquilino que non nos pague, e se non o temos alugado pode chegar calquera okupa.

Á parte do xa comentado teríamos máis opcións, como sería achegar diñeiro a un **PLAN DE PREVISIÓN ASEGURADO** ou facer un investimento mobiliario propiamente dito.

Os plans de previsión son a mellor opción se o que pretendemos é aforrar cara á xubilación e non queremos correr ningún risco, aproveitándonos das vantaxes fiscais que teñen e que son similares ás achegas a plans de pensións.

Como investimento mobiliario incluíríamos os plans de pensións, os fondos de investimento e a compra de accións e outros derivados financeiros. Todos estes produtos son comercializados por case tódolos bancos, xa sexan os tradicionais como os pequenos bancos por Internet.

Nun próximo artigo comentaremos estes produtos que estamos englobando no investimento mobiliario e trataremos de resumir os pros e os contras deles

NOTA: Nin este artigo, nin os seus datos, nin o seu contido, constitúen recomendación ningunha ou estratexia de inversión. Tanto o autor como TERRA DE OUTES (incluíndo os seus asociados e colaboradores) declinan calquera responsabilidade relacionada co uso que vostede lle dea aos contidos aquí publicados.

Ascenso Siavo - Tremuzo - Siavo (5 horas - 28 km)

Xastre



O pasado domingo, 9 de agosto, tivo lugar outra das nosas rutas alternativas, neste caso de ascenso, dende Siavo-Freixo ata o cume do monte Tremuzo, que aínda non sei certo cantas veces subimos e baixamos durante esa xornada de máis de cinco horas... Resultou moi cansa!!

Eran arredor das 8 da mañá, pois quedara de encontrarme con "Manu" Martínez e "Lolo" Prol nos seus domicilios, que son medianeiras nun penal das vivendas, e alí estabamos os tres mosqueteiros, para emprender unha ascensión, polo que dicían eles, 3, 4 horas máximo e á unha na casina para tomar un viño e punto... Case case!!

Coa fresca da mañá enfiámonos cara ao monte, sempre coa constante ascendente, como dixen, pegado ás nosas costas o desnivel que íamos deixando atrás, mais que co tempo se faría pegañento e cansino, pois era sempre subir e subir, agora un plano amorfo e veña, dálle para riba!!...

De Siavo saímos, e coa mesma fomos pasando por distintas localidades cercanas, coñecidas como Albeixón, o monte de Sabardes, ou río Pipi. No alto do Tremuzo puidemos desfrutar dunhas vistas extraordinarias, pois a altitude dos 525 metros teñen algo de culpa, xa que ser a cordilleira norte máis alta da ría de Muros-Noia faise resaltar.

Continuamos subindo o alto do Couto, a Carballa da Cova, seguindo o paso por Os Podres e a Braña da Fenlla. Evidentemente a esas horas a temperatura ambiente xa era alta cando cruzamos o monte de Terelle, e pasamos cerca de Marselle, onde nos detivemos para sacar unha foto co mar de fondo. Tamén nos levaron os pasos preto de lugares coma Riomao, Rateira, Bornalle ou Riomaioir. Algúns destes pertencentes a concellos limítrofes co de Outes.

Tamén collomos pista cara á Silvosa, A Laxe, que nos sorprendeu con camiños empedrados, recordándonos as calzadas romanas, así como carballeiras moi vistosas no seu conxunto, destacando ese verdor sombrizo tan relaxante. Foi o pouco atractivo que vimos, pois

o resto era andar por pistas recentes feitas para mellor acceso dos técnicos aos viraventos espallados sen mesura ao longo dos nosos montes sen máis. Seguimos por Arestíño, O Catadoiro, así como A Penseira e Magor. Moita desta toponimia aínda está na miña memoria despois de tantos anos, co motivo de axudarlle ao amigo Xoán Mariño na súa catalogación do patrimonio que levava a cabo hai máis de vinte anos...

Tras cinco horas subindo como "pericas de monte", e de pasarmos por distintas e variadas localidades, e despois de manter a "constante" nas nosas camiñadas de enganarnos de pista un par de veces, desesperándonos un pouco a moral (pois as ansias de chegar á casa e refrescarnos un pouco por dentro e por fóra eran máis que desexables, e a esas horas o astro rei picaba ben nas nosas cabezas), fomos devalando os nosos corpos cansos cara ao punto de inicio, onde tras unha breve despedida voltamos para a casina.



Ourense - Santuario da Nosa Sra. dos Milagres (35 km)

J. M. Luhía



Antonio, Xosé Manuel, Esteban, Angie e Xulia, xunto comigo, cara ao Santuario.

Coma toda camiñada, empezala en continua pendente ascendente é unha boa maneira de entrar en calor, e máis a esas horas, e sobes, e sobes, e vai abrindo o día e ti sobes... Todo un subidón! Santa Mariña do Monte, O Picouto, Solbeira, Siabal, San Lourenzo, é algunha da toponimia que vai da man da OU-101. Recordamos tamén Caxamonde, Saguñedo, Brandín, Alvite ou Baños de Molgas, localidade esta xa cerca do obxectivo final.

A maxestade do edificio santo recibíanos coa súa fachada principal envolvente, mais pobre de xentío, pero coa mesma devoción, pouco antes das 12 do mediodía, pois dispuxemos escoitar a misa solemne a esa hora, despois de pasarmos por diante da santiña colocada no altar maior. A conclusión tras facernos cunhas estampínas case DIN-A4 e un par de candeas dábanos a hora de volver andando cara a Maceda, aprox. uns 5 km, e xuntarnos con Otilia para comer, pois as forzas e o sono atrasado causaban efecto no meu organismo, que eu falo por min!!

Comezamos a recuperar folgos ás 3,30 da tarde en San Cibrao das Viñas, na dita localidade no restaurante Casa Cid e tras a sobremesa fomos acercándonos (despois de despedirnos de Otilia, Esteban e Xosé Manuel, ademais do compañeiro Xosé Antonio, que quedaba en Ourense), retornando cara a Santiago.

Volvin ben acompañado como é o meu destino, con Xulia de copiloto e Angie de Ayrton Senna, e iso que tiña o coche acabado de estrear, pero que nin así!! Arredor das 6 divisamos as agullas da Catedral. Chegamos. Outro milagre!

A pasada noite do sábado 5 de setembro do 2020 citámonos en Santiago para emprender unha nova camiñada na provincia de Ourense, cara ao Santuario dos Milagres de Maceda, entre unha cousa e outra sumámoslles uns 35 km ás nosas pernas.

O que lles relata quedara en reunirse en Santiago con dúas das participantes, Angie e Xulia, que na primeira queixáronse, é un dicir, do cedo que me fixen ver, arredor das 3,15 da mañá. Noite pechada, mais para a miña defensa alego que a vista me xogou unha mala pasada, pois quedáramos ás 3,45 e os meus ollos cansos leron 3,30, de aí a confusión, aínda que a dita confusión me trouxo máis alegrías visuais das que eu puiden imaxinar... (queda para min). *Don't ask!!*

Despois de saborear un par de cafés que tan amablemente me ofreceu a novel propietaria, puxemos rumbo ó Milladoiro, onde quedáramos en recoller a Esteban e Xosé Manuel. Xa os cinco apocalípticos en marcha cara á capital do Ribeiro, fomos departindo, aínda que eu teño que salientar que fun medio somnábulo, mais non durmindo, ollo!! A unha hora escasa chegamos a destino para encontrarnos co compañeiro Xosé Antonio, que xa nos estaba esperando no polígono de San Cibrao das Viñas.

A noite estaba fresquiña, mais non coma o ano anterior que fora moito máis xélida. A situación neste caso non tiña nada que ver coa pasada edición, na cal nos cruzabamos con máis xente, e debido ao efecto da Covid-19, fomos case en solitario, e a chegada ao santuario nada comparable. Todo máis desaborido, sen as multitudes e *chiringuitos* diversos que alí estaban na anterior edición.

Nesta ocasión saímos dende o punto de reunión, no citado polígono e arredor das 5,30 comezamos a nosa andaina, Xosé



O último que se perde é a esperanza!

"Calquera home ou institución que trate de despoixarme da miña dignidade fracasará".

Nelson Mandela: nacionalista africano e preso político. 1918-2013, Suráfrica).

Vivimos tempos de incerteza. E non sabemos cando acabará. Temos un horizonte moi nubrado e o amencer non sabemos cando será. A pandemia da COVID-19 estase prolongando no tempo e **xs afectadxs e as secuelas seguen medrando**. A solución debía ser confiar nun sistema sanitario que fose capaz de resolver os problemas, pero a realidade é teimuda, e a enfermidade continúa.

Ultimamente vemos nxs gobernantes da Galiza unha serie de despropósitos que considero non deberían producirse. O **abuso da atención telefónica** na sanidade galega e a **falta de persoal** colapsan os centros de saúde e PACs. O acceso á atención primaria (AP) complicase para xs usuarixs do Sergas. O Sr. Feijóo considera que a "sanidade do futuro será telemática e dixital" e, así, dá a orde de priorizar as consultas por teléfono, co cal a relación médicx-paciente queda limitada a unha chamada telefónica. A base da AP está na accesibilidade e na confianza, entre x médicx e x paciente. Cando isto non ocorre, "por culpa dunha decisión administrativa", e non se poñen os medios necesarios para levala a cabo de forma digna, pérdese o máis importante: dar solución ao ben máis prezado que temos: a saúde.

A consellaría de sanidade ordenálles por correo electrónico aos seus médicxs de AP que **"deixen de facer PCR a contactos estreitos de positivos por COVID-19"**. As razóns clínicas son difíciles de explicar, pois sen PCR negativa e sen illamento, a posibilidade de que esa persoa poida contaxiar outras é moi alta. Esta decisión complementase coa mentira máis penosa que o Sr. Feijóo dixo en moito tempo (e mira que di mentiras!): cal é o **número de rastrexadorxs da COVID-19** cxs que conta Galiza. Comezou dicindo que eran 6.108, logo que non sabía e por fin, en sede parlamentaria, di que "máis de 700". Tamén ten unha "app" para que cada

persoa faga de rastrexador/a de si mesma: puido dicir que ten 2.700.000, que somos xs habitantes da Galiza... Pero á vez acepta a "despregadura de 180 militares para realizar labores de rastrexo". Aínda máis: Feijóo anunciou, no Parlamento de Galicia á petición do BNG, o mércores 11 de novembro do 2020, un novo **"sistema de autodeclaración a través de Internet**

real que teñen xs médicxs: certificados de idoneidade para facer labores de pesca, marisqueo, apagar incendios, carné de conducir, revisión do carné de conducir, certificados de saúde para determinado traballo, de dependencia, de incapacidade, de baixas, de altas, impresos de incapacidade temporal etc. Se de verdade queren quitar "burrocacia", o que debería



(app) para que aquela persoa que considere que pode ser contacto dun positivo introduza os seus datos e sexa contactada polo Centro de Seguimento do Coronavirus (CSC) para facerlle a enquisa, descargando por tanto xs profesionais de AP destes casos". Un anuncio que chega mentres se multiplican as denuncias de eivas no rastrexo por parte do CSC, ó cal a Xunta acaba de asignar novas competencias que ata o de agora encomendaba ao persoal de AP co mesmo argumento de "descargalo de traballo". O director xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, Jorge Aboal, asegura a eldiario.es que a orde "está recollida nos protocolos, porque xs médicxs de cabeceira non achegan valor engadido cando se trata de contactos que non presentan sintomatoloxía". Ademais, afirma que lles quita "burocracia" ás consultas de AP. A ignominia é tal que non se para a pensar na **carga burocrática**

facen a Consellaría de Sanidade é falar coas diferentes consellarías e que deixen de pedir xs profesionais certificacións que só quitan tempo ás consultas de AP, que xa están masificadas polas diferentes patoloxías e para as que non se ten tempo material para realizalas cun mínimo de rigor e eficiencia. 40 paciente diarios supoñen unha dedicación e concentración moi importantes.

Na valoración diaria da pandemia, ao Sr. Feijóo preocúpalle: que a **"demanda dos servizos sanitarios non se vexa desbordada"**. Non lle importan nin xs infectadxs, nin xs ingresadxs en UCI, nin xs das residencias de maiores, nin xs mortxs. Só lle preocupa que o sistema non falle, sexan cantos sexan xs afectadxs. Pero para iso ten que investir en sanidade. Algo que polo que vemos non está disposto a facer. Vaia xestor! O de compararse con

outras cc.aa. é patético: “como estamos mellor, é un tema menor”. E non é así: xs mortxs NON PREVISIBLES aumentan, e as medidas non chegan.

Pero os despropósitos seguen: o conselleiro de Sanidade, García Comesaña, responde a un periodista que lle pregunta: “Hay miembros del Comité Clínico (CC) que pedían restricciones más agresivas”... Responde: “Efectivamente. La medida de la restricción de la movilidad ya se planteó antes”. Isto indicanos o caso que lle fai Feijóo ao SEU CC! Como el é o voceiro, nunca saberemos o que en realidade pensa o CC, só sabemos o que nos conta Feijóo!

Ata o Consello de Contas lle afea as súas decisións!: “Contas insta o Sergas a **regular os concertos coa sanidade privada** e detecta unha suba do gasto, que encabeza Povisa”. Quizais este sexa o obxectivo último da política sanitaria do PP na Galiza. Con 11.000 millóns de orzamento anual...

AP de Galicia, que ten nun caixón dende novembro do 2019! E deixe de botarlle as culpas a TODXS, excepto a el mesmo... e de paso que non culpabilice das súas decisións os profesionais, para que **a xente non se bote enriba destxs, polas súas decisións.**

Van un total de **447 defuncións nas residencias de maiores** (o 46% do total de mortxs). Na DomusVi, privada, é onde maioritariamente apareceron os gromos e xs mortxs. A súa conselleira delegada, Josefina Fernández, sempre á fronte da compañía, interveu o 13 de novembro do 2020 na “Comisión sobre a Reactivación Económica, Social e Cultural de Galiza pola crise da COVID-19”, que se desenvolve no Parlamento. Non só negou calquera responsabilidade no sucedido nas residencias ao seu cargo (e das mortes nos seus centros), senón que se atreveu a cargar contra o goberno central, eximindo de responsabilidade á Xunta, cando **as residencias están transferidas a Política**

o motivo?

A soberbia de Feijóo é tal que quixo impoñerlle a Sánchez unha Nova Lei de Saúde Pública “a nivel estatal”. Evidentemente “nin caso lle fixo”, pero agora quere “**volver**” **reformular a Lei Galega de Saúde**, para introducir 30 formas diferentes de sanción aos/as Galegxs... A que nos espera!

O nivel de desconcerto, inseguridade, despropósitos, irresponsabilidade e caos que crea a Administración do PP neste país é algo... digno de estudo.

O Ministerio de Defensa, nos orzamentos para 2021 vai aumentar o seu orzamento nun 4,6%, pese á crise social, económica e sanitaria, chegando aos 9.409 millóns de euros, 417 máis que no ano 2020. Ademais, ten un compromiso de distintos programas de fabricación de armas, de 13.356 millóns de euros. Increíble, pero certo. Se fixésemos un referendo, sobre que prefere a xente?, un Eurofighter Typhoon (avión militar polivalente) de 62,9 millóns de euros ou un hospital e profesionais para a sanidade real, que opinarían?

A esperanza é o último que se perde. Si. Temos unha serie de vacinas en marcha que van polo bo camiño. Esperemos que as expectativas que están creando sexan certas e os resultados sexan satisfactorios. Pouco axuda que o conselleiro delegado de Pfizer, Albert Bourla, vendese o 62% das súas accións, por valor de 5,6 millóns de dólares o luns 9 de novembro, o mesmo día que a farmacéutica anunciou os resultados preliminares da súa vacina anticovid co conseguinte aumento desaforado en bolsa... Temos outras vacinas en marcha, co cal “esperemos” que o futuro sexa máis prometedor que o presente.

As conclusións do Consello Técnico de AP de Galicia, elaboradas por 16 comisións técnicas, danlles solución aos problemas da sanidade: falta que Feijóo as queira cumprir...

A “esperanza” está nas vacinas, que parece que van polo bo camiño, a pesar de decisións políticas irresponsables.

Esperémolo!



non é capaz Feijóo de dedicarlle á sanidade pública o orzamento “necesario” para resolver os problemas tan urxentes que ten? Onde van os cartos, Sr. Feijóo?

Feijóo cualifica de “demoledor” o estado de alarma aprobado polo goberno estatal. A verdade é que “**demoledor**” **é o desmantelamento que Feijóo está facendo da sanidade pública** na Galiza e máis concretamente na AP. A política actual é perversa e tendente á privatización. Se quixese melloralala **aplicaría as conclusións do Consello Técnico de**

Social dende o minuto un... En 8 meses non mudaron o modelo e a pandemia segue igual de mal. Tempo tiveron a poñer as pilas e cambiar un sistema que claramente é deficiente, co consentimento da Administración do PP. O grupo DomusVi tivo en 2018 uns beneficios de 20 millóns de euros antes de impostos. E algo que preocupa a todo o mundo: por que cando aparece un caso nunha residencia de maiores non se leva inmediatamente ao hospital, como se fai se aparecen casos nun barco, nun autobús, nun avión... Cal é

Entrevista a...

As compoñentes do grupo A Tajea

Unha tarde chuviosa do 24 de outubro do pasado ano achegámonos á antiga escola unitaria da Barreira (Tarás) para entrevistar os membros de A Tajea, que o día anterior acababan de actuar no programa de Gayoso "Luar" da TVG, presentando o disco En Clave de Ja.

As súas compoñentes, todas mulleres, son: Begoña Castro (gaita, ocarina, frautín e voz), Marta Ribeiro (caixón flamenco, tambor, bongós e voz), Mónica Sánchez (pandeireta, bombo e voz), Saray Alvite (pandeireta, pandeiro, tambor, tarrañolas e voz), Cristina Antelo (viola, acordeón e voz) e Marga Cereijo (zanfona, clarinete, ocarina e voz).

Cales foron os vosos inicios?

Begoña: Eu empecei con Prudencio Romo na Banda de Música de Outes, tocando o saxofón, despois deixei e comecei de novo na Escola de Música Tradicional de Outes, sendo alumna de Suso Vaamonde, mestre de gaita, acordeón e varios instrumentos máis.

Marga: Eu, xa antes de entrar na Banda con Prudencio, sendo máis cativa empezara a recibir clases de guitarra na escola unitaria de Brión cunha mestra de Pontedeume de nome Gracia. Despois de abandonar a banda municipal, onde tocaba o clarinete, comecei tamén de novo na Escola de Música Tradicional de Outes.

Cristina: Formei na música no coro de Entíns e estudei no Conservatorio de Noia, tocando viola, despois deixei, e máis tarde retomei a afección na Escola de Música Tradicional de Outes.

Marta: Inicieime na ANPA do Colexio de Outes, con Deli e Javier, mestres de gaita e tambor. Coma elas, tamén interrompín a práctica e recupereina despois na Escola de Música Tradicional de Outes.

Saray: Comecei con tres ou catro anos na Escola do Freixo e posteriormente seguí na Escola de Música Tradicional de Outes.

Mónica: Aprendín a tocar a pandeireta no Freixo, e despois entrei na Escola de Música Tradicional de Outes. Pero á parte de estar en A Tajea, tamén formo parte de dúas corais que dirixe Domingo Barreiro, a Coral Polifónica do Freixo e a Francisco Añón de Outes.

Unha cousa é certa, todas proceden da Escola da Música Tradicional de Outes cos mestres Suso Vaamonde (mestre de gaita e outros instrumentos) e César Tarela (mestre de pandeireta), que son, o que se di, as verdadeiras raíces do grupo.

Á parte de estar no grupo A Tajea que actividades tedes?

Ademais de traballar no fogar ("ama de casa" é unha expresión horrorosa) temos outras ocupacións: empresarias, mariscadora, estudante universitaria, traballadora nunha fábrica... todo isto, un abano de profesións, cun denominador común: "as ganas de facer desfrutar cando subimos a un escenario...". Procedemos de distintas parroquias de Outes e o noso nexo de unión foi a Escola de Música Tradicional do noso Concello. Para nós, este primeiro disco que acabamos de gravar é a recompensa ao traballo feito durante estes anos de 2018 e 2019.

Que tipo de música facedes?

Cancións con raíces populares ás que nós mesmas lles poñemos as letras da nosa propia colleita que xorden da inventiva colectiva, aínda que sempre hai alguén que lles dá forma, con temas de actualidade, supersticións, escenas da vida cotiá, con



De esquerda a dereita: Mónica Sánchez, Cristina Antelo, Marga Cereijo, Saray Alvite, Marta Ribeiro e Begoña Castro.

ton humorístico. E nos tempos que corren, coa pandemia do coronavirus e co confinamento, é a mellor terapia para poder pasar este mal trago. E a música é adaptada pero ás veces é inventada polo propio grupo.

E tedes alguén que vos dirixa?

O espírito de A Tajea é libre, e esa liberdade reflíctese principalmente en dous aspectos: a creación e montaxe dos temas e que nos ensaios non hai director, senón que todas somos conscientes de como vai derivando a cousa e nos corriximos segundo entendemos que o necesita, segundo os nosos propios gustos.

Faládenos agora do deseño do vestiario.

Polo que se refire á vestimenta, adoptamos un estilo que mestura o tradicional coa roupa que usamos todas hoxe en día. Non poden faltar nas actuacións de A Tajea dúas pezas fundamentais: o **sancosmeiro** e os **zocos**. O sancosmeiro é o noso sinal de identidade, e lucímolo con orgullo porque é un produto da artesanía de Outes, e en moitos sitios de Galicia dámo-lo a coñecer, pois chama moito a atención. Pero a roupa pode experimentar algún cambio cando imos tocar nalgún evento que requira unha vestimenta axeitada.

Recibides algún tipo de subvención, para sufragar os gastos para os instrumentos, por exemplo?

A Tajea non recibe ningún tipo de subvención; todo o que se recada nas actuacións que son cobradas (pois hai moitas que se fan de maneira gratuíta ou solidaria) é empregado na propia infraestrutura do grupo, como pode ser a compra de equipos de son, instrumentos, recambios e arranxos da instrumentación, cursos de música, todo o proceso de elaboración do disco, e calquera gasto que se poida derivar do propio grupo.

Contádenos algo das actuacións que tivestes

Fomos a varios puntos de Galiza actuar, fixemos as primeiras aló polo 2018, visitando varias localidades, nas que podíamos destacar en Muros, dentro de "Muros mira ao Mar", ou na "Festa Mariñeira" de Abelleira (Muros), incluso tamén iamos a vodas, inauguración de locais de copas. Temos actuado tamén para festivais benéficos, como pode ser Cáritas da Serra. Aínda que neste Nadal de 2020 non podemos facer o festival benéfico de Cáritas, debendo pospoñelo para a primavera-verán de 2021, esperando que mellore a situación sanitaria. Nas actuacións "da casa", temos que mencionar cando foi a presentación no mes de agosto deste ano, o concerto na praia de Broña, onde tamén fixemos a presentación do disco. Tamén temos ido á **Televisión de Galicia**, ao programa "**Luar**", varias veces.

E toda esa actividade foi recollida nos medios de comunicación?

Polo que representa a presenza nos medios de comunicación, á parte das actuacións na TVG mencionadas, cómpre destacar entrevistas na radio local ou a nivel galego, e incluso en prensa escrita; na radio local, en **5 FM radio**, até incluso unha emisora de Catalunya como é **Ràdio Cornellà**, e tamén na **Radio Galega**, en programas como "**Lume na Palleira**".

O de que sexan todas mulleres na formación, é por filosofía do grupo, ou porque xurdiu así??

É porque xurdiu así...

Antes de rematar a entrevista, o grupo fainos agasallo do seu disco, asinado por todas as compoñentes, que pón deste xeito: "**Para os amigos de Terra de Outes**"

Contádenos como foi a historia da gravación do disco.

Todo comezou hai dous anos, cando nas actuacións que faciamos sempre nos preguntaban se tiñamos disco porque moita xente non tiña acceso ás redes sociais, e despois, a primeiros deste ano, comezamos a gravar o disco, pero así que chegou o mes de marzo houbo que parar por culpa do estado de alarma, e volver reanudalo no mes de xullo, para presentalo o mes de agosto deste ano no concerto dado en Broña, cando unha semana antes xa estaba rematado. O disco foi sufragado todo por nós, non tivemos ningunha axuda, os cartos foron grazas ás actuacións que tivemos antes de ter o disco, as creacións son todas nosas, e incluso nos quedou material para algún que outro disco a maiores.


*A gravación foi feita na Casa de Cultura cedida nas ocasións necesarias polo Concello de Outes, a quen agradecemos que sempre nos facilitasen o noso labor. A produción e gravación levouna a cabo Abraham Sande, xerente de **Wattson Producións**. A Abraham non só lle temos que agradecer a súa implicación na edición deste disco, senón tamén o gran cariño e comprensión con que nos tratou, así como a súa infinita paciencia.*

E xa metidos en verea de aspectos técnicos, temos que falar de dúas persoas que nos levan acompañando nestes anos de andadura sen os que A Tajea "coxearía sen dúbida". Grazas infinitas a Daniel Castro Pedrosa (Dani da Castela) por poñerlle son ao grupo, por acompañarnos todos os momentos que lle foi posible, a tantos lugares e darnos sempre bos consellos. E, xunto con el, hai outra persoa a quen temos que agradecer o seu esforzo en axudarnos en todo o que está na súa man, acompañarnos infinidade de veces, e sempre subírnos o ánimo: grazas a Marcos Camota Rama (Pirri). E como non, dar as grazas a toda a xente á que lle gusta o noso traballo, a quen sorrín con nós, e que nos animan a seguir creando "tajeadas". E grazas tamén a Roberto Outón, autor da portada do disco.

Aproveitando a difusión desta revista, dicídenos onde se pode mercar o disco.

*O disco pódese mercar na librería Pimpiniño, Comercial Cereijo, Colorete (Outes), no salón de peiteado A Dúo (Noia), librería Chorima (Camota) e Trisquel Artesanía (Santiago); e tamén se nos pode pedir a calquera de nós, incluso podemos mandalo por correo, se se dirixen a nós por medio da páxina do **Facebook**: <https://www.facebook.com/atajeaband/>.*

Unha cousa importante: Xa temos o disco nas plataformas dixitais.



Coherencia!

Un número máis, e xa estamos outra vez dando a vara, para intentar mellorar no posible a paisaxe e paisanaxe do noso concello. Non é tarefa doada, mais aquí estamos...

Ultimamente puxéronse direccións únicas nalgunhas rúas, xa ía sendo hora, pois ás veces había caos de coches, coma se fose o centro da capital. Tamén se pintaron os pasos de peóns, ben, como resalta un dos colaboradores no espazo de "Así si...". Pequenas cousas que van facendo máis accesible moverse pola vila, e aínda queda moito que facer!!

Como vén sendo a nosa rutina, intentamos plasmar o sentir da nosa xente, os seus comentarios a favor ou en contra, as súa inquiredanzas, pareceres, e aquí entramos nós, poñendo por escrito nesta humilde revista local, cada vez máis comarcal... hai que dicilo!

Chégannos moitos comentarios de cidadáns que se queixan, por exemplo, do estado dos sinais de tráfico, moitas de STOP, en cruzamentos perigosos, que basta que non había accidentes, pois se non montárase unha gorda... De seguro que si.

Tamén comentan do consumo por parte de cidadáns mozos de substancias prohibidas en locais, coma se non pasase nada, e aí están sen ningún problema... Queda aí a reflexión!!

Tamén nos deixaron comentarios que andan polas redes sociais con relación ás virtudes do Concello de Outes, que está ben e que esas virtudes existen, pero a crítica vén con motivo de que tamén hai moitas carencias ao respecto que non saen nesas mesmas redes sociais... e por moito que se lles faga saber que eses defectos existen e emprazan o consistorio a melloralas, parece que hai certa reticencia a que se difundan no mesmo espazo internáutico... Coherencia!!

Lusco e Fusco



Sereo. Cerámica de Sargadelos co que a Asociación Cultural Barbantia galardonou a Terra de Outes o pasado mes de decembro como Premio á Iniciativa Cultural no Barbanza no 2020.

ASÍ NON



Un sinal de STOP inútil preto dun acceso á estrada xeral...

ASÍ TAMPOUCO ...



Fochancas na rúa da Capela...

ASÍ SI ...



Os pasos de peóns pintadiños. Máis vale previr! Ben.

FOTO ANTIGA



Todo está por vir...

Vanse esvaecendo os recordos na memoria. Coa mesma vai despertando a conciencia adormecida, con toda a súa claridade, demarcando as súas cores azuis, vermellas, grises, a escoller...

O destino marcado, ben estudado polos xestos, esquecidos polos sentires calados, doentes na pel de cada un..., coma se non fosen da man un do outro... inexplicábel ás veces!

Denota tamén sentimentos do día a día vivido, mais como todo, nada é certo na súa totalidade... Semellante a unha xornada atemporal e perpetua no sentir mais mollado do pensar...

Coma un pesadelo moribundo, afastado e calado, mais axitado, canso e retorcido... esperanzas dunha moza casadeira e fantasmeira, ollando o infinito... Que será de min sen ti?... que será?...

Nótase como a xuventude vai esmorecendo, os cabelos co paso do tempo irán tomando para brancos e a nostalgia retornará aos poucos á memoria, mais os aires purificadores ignoran o porvir cativo e gadañento, coma un pirata metendo as mans no alleo, mais sabedor de que o que fai ten acento de doloroso pracer, incómoda inxustiza, e que o final pasará a súa factura vital... e tocará pagar!!...

Xastre

GASTRONOMÍA

Torta Sacher

Ingredientes:

Para o biscoito: 4 ovos, 100 g de azucre, 60 g de fariña, 20 g de cacao en po, 20 g de fariña de améndoas, u/p lévedo en po, 200 g de chocolate para sobremesas e 60 g de marmelada de albaricoque.

Elaboración:

-De primeiro bateremos as claras a punto de neve e ao mesmo tempo imos engadíndolles $\frac{3}{4}$ partes do azucre, pouco a pouco. Co $\frac{1}{4}$ do azucre restante branquearemos as xemas.

-Deseguido fusionamos ambas mesturas, sumándolles tamén a fariña, o lévedo e o cacao barutados xunto coa fariña de améndoas, todo isto ó ritmo de movementos envolventes en círculo.

-O resultante vertémolo nun molde tapizado e coceremos a 180°. Comprobaremos cravando un escarvantes, e se sae seco xa estaría para deixar arrefriar.

-Cortaremos o biscoito en dous discos e reencheremos coa marmelada de albaricoque.

-Unha vez fundido o chocolate coa manteiga ao baño maría, integraremos ben e bañaremos a torta. Deixaremos escorrer o exceso e meteremos na neveira.

Por último... a desfrutar!!

Julia Seijo



Optica **OLLOS**

A Óptica da túa confianza!

Malecón de Cadarso, 3 (Xunto á ponte de San Lázaro) - Tlf. 981 82 42 60

NOIA

Árbores e bosque na normalización lingüística galega (II)

o bosque arrasado

Xosé Carlos Gz Añón

Con todo, unha enorme cantidade de persoas galegas acóllese ó lugar común expresado en que *eu falo así porque é o galego de verdade, o dos nosos avós, o que se falou sempre aquí, e todo o demais é un invento artificial da Academia, que ademais están sempre cambiando*⁶. Estes argumentos parten, obviamente, de premisas falsas, identificando o *galego de sempre* co dos *nosos avós*, cando o certo é que as xeracións *dos avós e das avoas* xa usaban, malia que menos ca agora, moitos castelanismos aniquiladores das formas propias. E, sobre as supostas *mudanzas continuas*, realmente só houbo unha modificación algo importante das normas oficiais, en 2003, o cal non é moito para unha lingua con tantos problemas e sen unha normativa legal consolidada durante séculos coma outras, e non foi grande: asimilala levaría menos ca aprender algún verbo do inglés; e aquí conectamos con outro tópico perverso, que di que a nosa lingua non é *útil* porque non *serve para andarmos polo mundo*⁷.

Case tódalas persoas que critican a artificialidade do galego que simplistamente chaman *académico* o criticarían por todo o contrario no hipotético caso de non estar normativizado. Mais estes prexuízos e falacias acadaron un éxito asombroso, favorecidas pola ausencia de réplica das institucións, cando non directamente polo apoio de responsábeis da normalización, cuxa obriga en troques sería a de as combater. E serven de escusa perfecta a un número inxente de galegos e galegas para se negaren a aprender, e moito máis a usar, unha lingua libre de castelanismos, xenuinamente galega e polo tanto, esta si, o *galego de verdade*. De xeito contraditorio, é habitual que ata se neguen, mesmo adrede, a usar hoxe moitas palabras galegas que si chegaron a escoitar aínda desas vellas e vellos (*almorzo, cuarto, lentes, billa, a ponte* etc. etc.), e opten por empregaren as castelás que as substituíron (**desaiuno, *habitación, *gafas, *grifo, *o puente...*), o cal evidencia a inconsistencia das súas explicacións e leva a maioría a se refuxiar finalmente noutro lugar común tamén perverso: *non hai nada de malo en *mezclar estas "nosas" dúas linguas* (iso si, curiosamente, só cando falamos galego). De calquera xeito, repetimos máis unha vez, a cuestión non é que o galego que se usa

sexa ou non sexa académico; o problema é que non é galego. Por exemplo, a palabra *mañán* non é a forma elixida pola Academia para o estándar, mais é galega e o seu uso, polo tanto, lexítimo. Polo contrario, cando dicimos **pasillo* ou **gracias* non usamos palabras galegas; son castelás.

Neste escenario, como resultado das políticas indolentes e non-intervencionistas comentadas, a mensaxe que fica finalmente é que o galego non é unha lingua seria. E



Como chamabamos antes na Galiza e como chamamos agora estas imaxes atopadas na Internet?

a consecuencia, lamentábel mais lóxica de todo isto, vémosla no exemplo do presidente da Xunta na crise sanitaria pola COVID-19.

Ante todo, xa é motivo de reflexión que o máximo cargo da Galiza autonómica poida usar reiteradamente durante anos un galego pésimo no cal aparecen frecuentemente frases con castelanismos ou outros erros. Iso demostra, claro, unha desidia e desprezo pola súa parte cara á lingua propia do país que representa, e polo tanto cara ó propio país. Porén, o seu caso, aínda sendo talvez o máis importante polo seu cargo, non é para nada unha excepción, e tamén evidencia a deplorable realidade dun sistema institucional e dunha sociedade que o permiten sen consecuencia negativa ningunha para esas persoas públicas nin para ese sistema, aínda que si, obviamente, para a maltratada lingua.

Mais, aínda por riba, na dita crise o

presidente xa directamente desprazou a lingua propia do país e dirixiuse máis dunha vez á xente galega en castelán para as cuestións importantes e en galego máis ben para as protocolarias, o cal, por outra parte, é habitual na Galiza en moitas actividades de todo o tipo.

Aínda que a algunhas persoas lles poida resultar incríbel, o sistema ampara esta maneira de proceder. En primeiro lugar porque non hai lei ningunha que obrigue o presidente galego a usa-lo galego, e menos un galego correcto. Tódalas normas teoricamente protectoras do galego, comezando pola Lei de normalización lingüística de 1983, limitanse en xeral a declaracións programáticas ou recomendacións sen apenas consecuencias prácticas. Dito doutro xeito: non hai norma ningunha que garanta á cidadanía galega que a máxima autoridade galega se dirixirá a ela en galego.

E, en segundo lugar, mais non menos importante, porque, como xa indicamos antes, tódolos galegos e tódalas galegas témo-lo deber legal de coñece-lo castelán e non o galego¹; principio polo cal poderían aludir a unha presunta consideración coas persoas receptoras para xustificaren actuacións coma esta que comentamos e, en xeral, principio que constitúe un obstáculo practicamente insalvável para unha auténtica normalización do galego, un problema na mesma raíz do bosque.

Por ese principio de desigualdade básica entre as linguas oficiais, pretender por exemplo que na Galiza se tramite un preito en galego convértese nunha heroicidade, pois, aínda que tódalas partes implicadas fosen galegas, habería con certeza que acabar traducindo todo ó castelán, multiplicando a complexidade e a demora, máis aínda cando os instrumentos (mesmo os dixitais) da Administración de xustiza só están previstos para o emprego da lingua española.

E, por riba, a política lingüística galega nunca contrarrestou senón que agravou e expandiu ese obstáculo de base. Fronte á omnipresenza e rigor do castelán, a estratexia da mínima intervención e *non-máis-ca-persuasión* co galego levou, como era de prever, á marxinación e ó abandono deste. Poderíamos ilustra-la súa ineficacia en prol da lingua propia con múltiples exemplos máis.

Un deles sería o seguinte. Dende sempre, periodicamente, unha iniciativa típica de dinamización lingüística é tentar persuadi-las empresas para usa-lo galego, na súa rotulación, na etiquetaxe, nas facturas, publicidade etc. etc. Os servizos de normalización lingüística das administracións (particularmente dos concellos que os teñen) contactan coas empresas e tratan de as convenceren, para o cal se invisten, evidentemente, esforzos, tempo e recursos. Os resultados son en xeral escasos, mais esta política ten o efecto perverso de que o persoal de normalización lingüística pode ás veces considerarse satisfeito co labor realizado, porque as árbores (o traballo diario, as empresas con que contacta e as persoas ás cales dedica tódolos esforzos) non deixan ver que o bosque (a lingua galega na Galiza) se está a arrasar.

Polo contrario, unha estratexia verdadeiramente eficaz sería a que se dirixise ó bosque, ou sexa ó conxunto, obrigando con normas, para as empresas no caso que comentamos, tódalas empresas (aínda que podería haber excepcións xustificadas, evidentemente), empregaren o galego, como mínimo o galego (non se prohibiría, obviamente, que tamén puidesen emprega-lo castelán ou outras linguas de querenen, mais o galego sempre). Así veríamo-lo galego por tódalas partes e percibiríamolo como unha lingua normalizada de verdade.

E os servizos de normalización (na práctica constituídos nos concellos case sempre, cando existen, por unha soa persoa) poderíanse dedicar, neste exemplo, a informar e axuda-las empresas a cumprila obriga e empregar unha lingua galega correcta. O seu labor sería moito máis doado, económico e produtivo; eficiente, en definitiva. De feito, con esta e outras medidas, sería previsíbel que, despois dun tempo, moitas persoas xa mudasen a súa mentalidade tradicional negativa ó comprobaren na práctica que o galego é unha lingua que se pode usar normalmente, de xeito pleno.

En realidade, esta proposta de obriga-las empresas a rotularen en galego aparecía xa incluída, alá por 2008, nun proxecto normativo, mais, como era de esperar neste país, polo camiño ficou sen pasar de proxecto. Pola contra, as normas que obrigan as empresas que operan no territorio español a usa-lo castelán superan amplamente a centena⁷.

Así, coa política lingüística actual, coa de sempre, cantas florarías galegas vemos co nome en galego (*floraría* ou *florería*, formas ambas admitidas pola RAG, aínda que a primeira é a recomendada, ou

mesmo *florista*)? Practicamente ningunha: todas empregan o castelán **floristería*. E poderíamos mencionar unha morea de exemplos similares que demostran por si sós o fracaso desta estratexia. Aínda que, para falarmos con precisión, deberíamos dicir que esta estratexia, esta política lingüística, si que tivo un grande éxito na normalización... do castelán⁸. En troques, coa política que propomos, veríamo-lo galego por tódalas partes.

A propósito, non será necesario lembrar aquí con que tipo de medidas o castelán acadou o éxito e se impuxo (termo agora si máis acaído) e normalizou por todo o mundo.

Mais si que poderíamos ter en conta como referencia positiva o que ocorreu coa estratexia sobre o tabaco. Como se chegou a non fumar no traballo ou nas cafeterías? Non polas décadas de persuasión sobre as consecuencias nefastas do tabaco, senón só cando se publicaron unhas normas imperativas, obrigatorias e xerais, que provocaron polémica ó principio pero que agora a maioría acepta e agradece. E alí onde miremos, por tódalas partes veremos todo ó redor normas imperativas que consideramos lóxicas e naturais: no traballo, na familia, no tráfico, na cultura, na industria, na alimentación, na sanidade...

No entanto, case que tódalas medidas, públicas e privadas, colectivas ou individuais, en defensa do galego concentran os seus esforzos nas *árbores*, é dicir, en pór parches ou en iniciativas que non deixan de ser minoritarias ou temporais: convence-las empresas, convocar cursos de galego de asistencia voluntaria (dos cales a maioría xa dende hai tempo son telemáticos, moito menos eficaces cós presenciais para aprender e corrixir unha lingua tan estragada), persuadi-los mozos e as mozas para que lean libros galegos e para que escriban obras en galego, organizar concursos, certames e actividades culturais en galego, pescudar palabras ou fraseoloxía tradicional, iniciar loábeis proxectos de recuperación da microtoponimia, solicitar algunhas veces da Administración que corrixa este cartaz ou aquela información mal escrita etc. etc. etc.

Todas estas iniciativas están moi ben, con certeza, mais consómmense aí tódolos recursos e nunca serán eficaces se non vemos que a gran maioría das árbores (as empresas e persoas) permanecen alleas a elas; que o problema maior non é só que non se usen palabras tradicionais ou locais senón que non se usa o galego, mesmo cando se fala *galego*, polo emprego masivo de palabras e formas propias do castelán; que o topónimo máis importante, o

topónimo nacional que nos identifica como pobo, non só non se trata de recuperar senón que a súa forma auténticamente galega⁹, *Galiza*, é censurada polo sistema; e que os seguintes cartaces e documentos volverán estar incorrectos porque ninguén os controla nin ninguén exige realmente coñecemento do galego a quen os fai.

O fondo do problema non son unhas árbores particulares; é o bosque que se está queimando, que se está convertendo nun deserto, e polo tanto o prioritario é actuar para o remediar.



A situación de inferioridade xurídica do galego é unha barreira infranqueábel para a súa normalización.

(1) O precepto máis ambicioso e potente da Lei de normalización lingüística de 1983, que establecía o deber de coñece-lo galego (equiparándoo así co castelán), foi axiña anulado polo Tribunal Constitucional con base nun recurso interposto polo Goberno español do PSOE e apoiado polo seu delegado entón, quen era tamén... o presidente da Real Academia Galega!!

(6) A normativización (asunto diferente, aínda que relacionado coa normalización) dunha lingua implica inevitabelmente un certo grao de artificialidade. O español, o inglés, o francés, o catalán e tódalas linguas normativizadas son artificiais, polo menos nas súas versións estandarizadas. De tódolos xeitos, no galego, na inmensa maioría dos casos, a cuestión non é esa senón que as formas que se usan non son galegas; son castelás. Sobre os tópicos aquí comentados e outros moitos, v. ProLingua: 55 *mentiras sobre a lingua galega*. Laiovento, 2009

(7) V. ProLingua: 55 *mentiras sobre a lingua galega*. Laiovento, 2009

(8) V. Mário Herrero: *A normalização lingüística. Uma ilusão necessária*. Através, 2015

(9) V. Júlio Diéguez: "Aínda o nome da Galiza" no n.º 50 da *Terra de Outes*

RELATO

SOMBRAS

Camiño polo monte.


O día está cheo de luz. Unha luz que o baña todo cun brillo de ouro. Unha luz que semella poderse tocar, pois ten un aspecto líquido, e que desprende un aire morno e tranquilo.

Aínda que, de súpeto, como outras veces, chegan as sombras. Sombras que veñen de moi alto. E que se dan présa en borrar a luz que enche toda a paisaxe. Sombras que se moven seguíndome e cubríndome cunha aura velenosa. Cheas de friaxe, arrepiantes, de formas ameazadoras...

Boto a correr pero non podo evitar o seu influxo malsán.

Espertei, angustiado.

Eloy Herbellá



Maqueta de San Tirso de Cando

Esta maqueta da igrexa de San Tirso de Cando exhibese no Liceo de Noia. Mide 1,6 metros de longo, 75 cm. de ancho, 1,14 metros ata o alto da torre e 85 cm. ata o alto da igrexa.

O seu autor é **Manolo Paz** da Ponte Nafonso.



CONSTRUCCIÓN
BLANCO

Traballos de
Albanería
e Cantería

Teléfonos: 981 769 439 – 635 946 920

Boca de Oroña, nº 6 – Cando – 15.286 OUTES (A Coruña)

Páxina web: construccionblanco.com
facebook.com/construccionblanco/





RELATO

O crepúsculo de Medusa

Son lambeteira. Non podo evitalo. O meu padal desfrutaba cunha cana doce ou unha raíz de regalicia. Aquel día, cando a Madre andaba na procura dun cativo que fose chamar pola Atimite para falar con ela, apañoume roubando un favo de mel da despensa comunal. A Madre non rifa nin te delata, pero aguantar a súa ollada perturbadora cos dedos pingando a proba do delito era como se me escaldasen o espírito en auga fervendo, ou nun caldo incandescente de todas as convencións da tribo e normas de convivencia. Así que foi un alivio cando con voz normal e ata agarimosa me encomendou o encargo. Correr pola carballeira, saltando as silveiras sen reparar nas pequenas esgazaduras, acabou de limpar a dor, se non a culpa. En circunstancias normais, daría o recado e seguiría á miña, buscando outros rapaces para xogar ou maquinando algunha trasnada, pero acompañei de volta á Atimite nunha tentativa de penitencia autoimposta. Naturalmente, evitei volver mirar tan cedo o rostro cheo de engurras da Madre, pero non me afastei moito porque quería oír o que dicían.


—Aínda non estou preparada, Madre. Cando me escolliches, dixeches que nos quedaban vinte lúas e só pasaron tres.

—Quería que fose doutro xeito, pero non somos donas do destino e a Terra chámame de volta agora. Debes asumir xa o meu cargo polo ben do clan. Queda pouco tempo para eu marchar, así que en vez de ir paso a paso, teremos que correr. Tamén haberá que preparar a cerimonia e facela máis curta.

—Pero Madre, Tiamat, non dá tempo. O costume...

—Sei ben o que di o costume, pero a dor do costado empeora e ás veces tuso con sangue. A Terra estame chamando. O que fagamos terá que valer e terá que ser rápido. Tes dous soles para escoller entre as doncelas quen ocupe o teu posto. Quédanos unha lúa, con sorte.

Eu era demasiado nova e só oíra da



entronización da Tiamat polo que se contaba arredor do lume, pero sabía que fora esplendorosa. Seica esta vez non ía ser así.

A actividade na vila adquiriu o ritmo da urxencia. As serpes da Madre partiron a todos os poboados do clan para comunicar a convocatoria. O resto de nós, rapaces incluídos, ocupámonos en preparar a aldea, en acapalar as viandas, en engalanar o espazo arredor da casa da Madre e a propia casa. Participei nesa tarefa e fun testemuña da deterioración acelerada da nosa Tiamat. Non pasara media lúa cando para camiñar xa precisaba axuda da Atimite, que non se separaba dela, e algunha serpe que estivese de quenda. E tusía, tusía a cada pouco, case sempre con sangue.

Quer que estabamos atarefados nos preparativos, quer que a maioría de serpes viaxaban entre aldeas afastadas para dar aviso da celebración, ninguén reparou en que o inimigo entrara no territorio ata que foi tarde de máis. A primeira nova de una colleiteiro ferido apenas latidos antes de chegar a horda ó poboados.

As poucas serpes presentes formaron un muro de contención para que nais e tíos facilitasen a saída dos cativos polos poxigos de emerxencia, acompañándonos algúns, mentres as demais tomaban calquera obxecto que puidese servir como arma e corrían a apoiar as poucas serpes que aínda quedaban en pé.

Mágoa que superados en número e forza, pouco puideron resistir a

acometida. Pronto, a batalla derivou en pequenas escaramuzas por toda a aldea. Sabedores da súa vitoria, moitos atacantes deixaban a persecución de combatentes e pasaban á violación de quen non puidera fuxir e o saqueo das vivendas, algunhas das cales ardían xa. O que parecía o líder dos intrusos enfilou con algúns guerreiros cara á casa da Tiamat, defendida pola última serpe e a Atimite, armada unicamente cunha fouce do pan. Pronto caeu a serpe e, mentres os outros homes reducían e violaban o futuro do clan, o xefe entrou na casa. Non tardou moito en saír. Sostiña na man esquerda un trofeo ensanguentado. Cando ergueu en alto a cabeza cerceada da nai de todos, fíxose o silencio entre as vítimas e a súa tropa. Os máis deles deixaron o que estaban facendo e empezaron a corear o berro inicial dun dos guerreiros máis próximos:

—Pers! Pers! Pers!

O aludido só permitiu para si uns momentos de vangloria, antes de iniciar el un novo coro:

—Theos! Theos! Theos!

Todo iso puiden ver desde a distancia, oculta entre a herba alta da meseta. Nese instante volvíñ sentir a culpa e lembrei aquela mirada paralizante da Madre pronunciando con ton admonitorio o meu nome antes de suavizar a voz e encargarme ir na procura da súa sucesora:

—Meiga!

Henrique Álvarez



Rexas e xenerosas

Capítulo II

Na casa de Fuco Barroso

Fuco Barroso e o seus curmáns posuían as mellores casas e un obradoiro de curtidos de peles de vaca na aldea do Reguengo. El casou cunha filla dos Caloteiros de Loureiro, xente de posibles en cartos, gandos e amigos. Foi a típica voda acordada polos pais para manteren o status e o patrimonio das familias. Os Barroso eran ricos en terras e, sobre todo, en gandos, pois daban vacas *de medias* dende os tempos dos seus avós. Estableceron

un obradoiro de curtidos de coiro aproveitando a estratéxica situación da súa aldea nun ramal do Camiño de Santiago e adoitaban facer *tratos* de gandos en comandita cos Caloteiros. A morte da dona de Fuco por un mal parto revirou todo. Fuco preiteou cos cuñados pola herdanza materna para os seus cinco fillos. Endebedouse e tivo que sacar do Seminario o máis vello para mandalo a México cun cuñado. Caetano aprendeu axiña o oficio de carniceiro, estableceuse por conta propia, mandou cartos para a casa e aos tres anos reclamou o irmán menor. Albiscou os ventos da revolución e marchou para Cuba, onde prosperou con cantinas e unha fábrica

de tabacos. Escribiulle regularmente ao seu pai.

Ao quedar viúvo, Fuco Barroso precisou dunha muller que atendese a casa e axudase na crianza dos cativos máis novos. O seu cuñado Manuel levoulle unha moza de Castrelo de Veia para ese cometido, pois xa tiña outros dous criados para atender a labranza e os gandos da casa principal. A rapaza caeu en estado aos poucos meses e o petrucio mandouna parir á casa dos pais para minguar a vergoña das súas fillas. Ela volveu para a dos Barroso ao cabo dun ano e trouxo o seu fillo pasados outros tres.

O Fuquiño criouse na casa dos Barroso e o vello procurou ensinarlle todo canto el aprendera de labrar a terra, criar gandos e negociar con eles nas feiras, pois o rapaz era o único homiño do seu sangue que lle quedaba cabo del. Os progresos do rapazote eran inferiores ás expectativas do pai. Moito se laiou este nas cartas que lle enviou ao seu fillo Caetano naqueles anos de que o Fuquiño amosase máis interese por durmir e xogar que por aprender as rutinas dunha casa de labranza. Caetano recomendoulle, sempre, tolerancia para *ir levando* as desavinzas típicas da convivencia familiar e moita paciencia para ensinarlle ao mociño a xestión do patrimonio da casa:

“[Habana, 16 de Abril 1931] ... Querido papa [...] Muchos recuerdos a Francisco procure no reñirle tanto para que esten mas contentos pues los dos son muy buenos y yo se que lo quieren a usted pero como los está regañando siempre, están disgustados, trátelos un poquito mejor para que ellos trabajen con mas gusto y le tengan mas cariño”.

“[Regengo 17 de Julio de 1931] ... Querido higo [...] Loque mas memolesta aora es el llebantar-me por lamallana pero sinollebanto entonces bienen las 8 de la mañana y estamos en cama [...] Francisco es muy perezoso noandando con el noes nada”.¹

A bos entendedores poucas verbas abundan. Anos máis tarde, Caetano



Fuco Barroso con Fuquiño (foto enviada ao seu fillo Caetano que estaba emigrado na Habana).
Arquivo do autor

¹ Reproducimos dous parágrafos textuais das cartas 32 e 35 do epistolario desa familia.



foi, tamén, o primeiro en recoñecer como sobriño e, polo tanto, herdeiro lexítimo do patrimonio familiar e do seu propio, o fillo que tivera o seu irmán cunha mexicana, cando esta quedou viúva. Pola contra, as cuñadas obrigárona a enviar fotos nas que saísen os tres como proba de convivencia e paternidade. O propio Caetano casou na Habana con Maruxa, natural de Monterroso e empregada no servizo doméstico dunha familia estadounidense. El e mais o pai mantiveron esa voda en segredo porque rachaba o compromiso de matrimonio con Casilda, a súa curmá da casa dos Caloteiros de Loureiro. A unión marital deles dous remataría co vello preito entre as dúas familias pola herdanza da finada nai de Caetano sen mingua patrimonial para as respectivas casas.

Os anos pasaron de vagar para Casilda. Escribíase con regularidade co curmán, renovando as promesas dunha vida en común cando el volvese rico das Américas. Fíxose mestra e, grazas ás amizades da familia, comezou a exercer pola contorna. Pasou axiña de moza vedraia a solteirona e caporala das Hijas de María de Brouzós. No entanto, as cartas e fotos de Caetano Barroso foron demorando máis, contando menos e abeirando a petición dela de reclamála para A Habana polo expeditivo método de non falar do asunto.



Fuco Barroso co seu fillo Caetano nunha feira. Arquivo do autor.

O vello Fuco finou e Caetano volveu en 1940 para tomar conta do que era seu, pois a casa dos Barroso sostívrase grazas ás remesas de diñeiro que el mandara durante case trinta anos. Chegara, para Casilda, a hora arelada do reencontro e por iso acompañou o seu irmán Constante e á dona deste, que era irmá de Caetano, para recolléreno no peirao da Coruña. A viaxe fíxose curta para alá, no flamante automóbil que mercara o seu irmán para desprazarse con máis rapidez e comodidade ás feiras da

provincia. Pola contra, a volta foi un suplicio interminable porque o Caetano baixou do barco acompañado dunha moza guapetona e moi elegante que lles presentou como a súa dona.

O petrucio dos Barroso levou á sepultura o segredo da felonía do



Caetano coa súa dona e cos sobriños na Habana. Arquivo do autor.

fillo. El mesmo fora a cabalo da súa besta a Monterroso para facerse cos papeis de nacemento de Maruxa que precisaba Caetano para casaren na Habana. Foi a súa vinganza a destempo contra os sogros e os cuñados que case o arruinaran negándolle aos sobriños a herdanza da nai deles. Impedíranlle ver medrar os dous máis vellos, pois obrigárono a botalos polo mundo para salváreno da ruína. Agora, o Caetano volvía ben sucedido e dáballes na faciana á señoritinga da curmá e aos fachendosos tíos, que contaban telo ben amarrado e traballando para eles alén do mar.

Caetano asumiu a xestión das terras e gandos dos Barroso, mais, ao cabo duns meses, tivo que deixalos nas mans da súa dona para volver a Cuba, pois recibiu novas terribles sobre o estado dos seus negocios alá. Deixáraos a cargo dun sobriño e semellaba que levaba camiño de arruinalos. Quedou atrapado pola guerra mundial ata que malvendeu o que tiña na illa. Volveu para Brouzós en 1946. A súa Maruxa e mais el apadriñaron á filla de Fuco, o fillo da criada. Caetano deducira a verdade lendo as cartas nas que o seu pai louvaba os progresos do rapaz. Mantívoo como encargado dos gandos e labranzas dos Barroso e a súa filla foi a herdeira de Caetano e da súa dona. Ela conservou durante moitos anos as cartas e fotos que enviaban dende México e Cuba. A amizade de mozas coa miña nai e a do seu fillo Pepito comigo abriu as portas das súas lembranzas e fíxome entender as complexas relacións intrafamiliares que, as máis das veces, non estaban explícitas nos diálogos en papel entre Caetano e o seu pai.

O *cubano* meteuse no trato do gando polas feiras da bisbarra. Desfrutaba da vida a cabalo e falando cos *coidadores* das súas vacas *postas de medias*... Ata que un estraño atracador o matou no túnel da vía férrea que atravesaba para ir á feira de Marcide. Non lle roubou o reloxo de ouro nin a carteira que levaba no peto da zamarra. Mesmo houbo quen lembrou vellas desavinzas e posibles axustes de contas. Deixaba dúas viúvas que, ao parecer, sempre se saudaron con respecto na misa de Brouzós. Maruxa viviu moitos anos ben atendida pola súa afillada. *Dona* Casilda ensinounos as primeiras letras e números a moitos nenos. Sempre a viamos tristeira. Entendina candoouben como pasara de prometida do Caetano a viúva dun felón no peirao da Coruña.

Saúl Bustelo



RELATO

O SUICIDA

A Miguel Angulo a vida nunca lle dera un abrazo. Nacido da tempestade, esta sería a súa noite, a súa fronte, o seu perfil, o seu acompañante.

A triste composición dunha partitura inacabada.

Sendo apenas un neno, unha hemorraxia de bágoas creoulle unha ferida que sería eterna, xa por entón comezou a odiar as cinzas daquel maltreito mundo a punto de afundirse.

Pasaron algúns anos, canso de recibir tantas coiteladas, decidiu unha luminosa mañá pór fin á súa atormentada existencia. Cunha corda escondida baixo o abrigo, marchou da casa, orgulloso, mastigando o sorriso do predestinado. Durante varios meses estiverao planeando con detalle e precisión.

Ben, dixo para si, hoxe é o gran día, imos aló. Comezou a baixar os estreitos chanzos do vello edificio tan apresuradamente que esvarou nun relanzo encerado... Que susto!, sorte que se suxeitou á varanda.

—Case rompo unha perna, podían colocar un cartel de aviso.

Co corazón cabalgando, esqueceu o incidente e seguiu adiante, camiñando polas fermosas rúas da súa cidade natal, ía observando, absorto en pensamentos, contento do día que elixira, o ceo dun azul inmenso, flores nos xardíns, un can que mexou no seu zapato.

—Eh, oia, teña coidado, home, o seu cadelo acaba de estragar o meu mellor calzado, a ver se vixía onde fai as súas necesidades o cadelo.

O home, que levaba lentes negras e un bastón branco, encima snob, pensou Angulo, tendeu a man e dixo:

—Por favor, síntoo enormemente.

E foise con présa. Cando abriu a man atopouse cun billete dobrado.

—Que me deu? Se con isto podo mercar catro pares de zapatos.

Quixo devolvelo, pero resultoulle imposíbel dar con el, evaporárase.

Pasou por unha tenda e mercou uns mocasíns que lle

sentaban moi ben, ao erguerse para ir pagar á caixa, a moza que o atendeu explicoulle que non debía nada.

—Como que?

—Hoxe é a inauguración, e aos cinco primeiros clientes non lles cobramos. Parabéns, señor. Grazas, e adeus.

—Pero! Ben, en fin, ata logo.

Confuso, continuou a viaxe cara ás aforas da urbe, alí entre piñeiros e carballos esperaba a súa árbore, alta, grosa, maxestosa, unha xoia da natureza que daba confianza e seguridade. Nunha rama colgaría a forca, e no aire fresco da noite oscilaría o seu corpo, descansando o sufrimento ao amencer xunto á sombra do tronco cerimonioso.


Así despistado, co cerebro balanceando aínda, pasou un semáforo en vermello, asubíos, freadas, insultos, percibiron os seus ouvidos castigados.

—Desgraciado! Suicida!.

—Deus por un milagre non me atropelan, vaia día.

Seguiu abatido e taciturno até que algo rozou o seu brazo, un tarro de xeranos estrelouse na calzada, o sangue asomou na pel, mirou arriba e gritou cara ao balcón. Un señor sexaxenario baixou rapidamente e fíxoo subir con toda clase de reverencias, desculpou o seu descoido e limpoulle a ferida. Nunha esquina da casa había unha nena moi bonita, que o agasallou cun sorriso.

Dirixíase á periferia, a un frondoso abismo de vexetación illado. Unha densa néboa cubriuno, envolvendo as súas sensacións, creu sen ser crente e que se atopaba xa no ceo, pero non, ulía demasiado mal para que fose a eternidade, un forte cheiro a queimado, a nube era fume, xirou ao seu redor, dunha das moitas fábricas as chamas asomaban polas grandes xanelas, o ceo convertido nun inferno. Un rapaz adolescente asfixiábase, Angulo achegouse a toda présa, agatuñou como un gato polos sobresaíntes da parede, chegou e saltou dentro, atou a corda a un armario macizo, o rapaz abrazouno desfalecido, e así entrelazados chegaron á terra firme, sans e salvos. Toda a veciñanza os agardaba, xa chegaban os bombeiros, sucedéronse os flashes dos fotógrafos, as entrevistas dos periodistas. Angulo escapuliuse e fuxiu do bulicio coa corda un pouco chamuscada baixo o abrigo, quería chegar antes do anoitecer á cita. Os seus pasos agora cruzaban o ancián porto, as gaivotas pescaban e no horizonte axiña se reuniría con el, a auga enfurecida chocaba contra o dique e as rochas, esculpidas por unha man indómita. Era un espellismo ou alguén se axitaba na auga, fixou a súa mirada e descubriu o corpo dunha muller que se retorecía desesperadamente, afogando en berros e saloucos. El era mal nadador, no entanto non dubidou en lanzarse ao mar, sen pensar en nada máis que en loitar contra as ondas enlouquecidas. Vencidas estas, alcanzou a moza e agarrándoa pola queixada e con moita dificultade apurou as forzas chegando a bo porto. Fíxolle a respiración boca a boca, a moza tragara medio océano. Ao cabo dun intre, cun rodo de xente arredor deles, os pulmóns foron achicados, e a respiración normal volveu ao curvilíneo corpo da escultural serea, que non puidera apreciar a súa beleza até pasado o mal trago, e mirou a Angulo agradecéndolle a súa coraxe. Os da ambulancia



deitárona na padiola e marcharon coas luces de urxencia postas.

Xa era moi tarde e apresurouse, por fin divisou o bosque, quería facer as cousas ben, cunha lanterna para mirar, trenzou o nó do colar. Alí estaba fronte a el a súa árbore, desafiante. Subiu até a rama máis grosa, rodeouna cariñosamente coa corda, colocou o colgante no pescozo, mentres a felicidade o invadía.

Estando alá no alto, albiscou dous delinquentes roubándolle o bolso a unha pobre anciá, anoou a famosa corda, sacou o lazo e saltou sobre os dous malféitores, golpeounos con rabia, escorrentándoos. Recuperou o bolso e devolveullo á súa dona, a señora agradeceullo cun himno de aleluia e, persignándose, díxolle que rezaría por el para que tivese unha longa vida. Quedou só, pensando en todo o que lle estaba ocorrendo, de repente un puñazo tróuxoo ao mundo real, os asaltantes non marcharan moi lonxe, pero non contaban coa forza dun suicida que desexaba rematar a súa obra, de dúas labazadas e catro patadas deixouunos no chan xacentes, recolleu a corda da árbore e rodeounos con ela, asegurándose de que estivesen

ben atados. Fíxolles recuperar o coñecemento e, canso de prantos e inxurias, de subornos e ameazas, acompañounos á comisaría. Cando saíu de prestar declaración a noite era máis negra que a súa pena. De regreso á casa, cruzouse cunha muller de formas provocativas e cara anxelical, a quen lle lembraba? Ela mirouno penetrando no seu interior e, cos beizos carnosos saudouno. Claro, era a serea do porto. Ela, sorrindo, abrazouno, suxeitouno do brazo e, atraéndoo, bicouno.

—Ti bicáchesme primeiro, non? -dixo.

—Anda, vaíamos tomar unhas copas.

E, xuntos, entraron nun local. A química fixo o resto, e víronse ao día seguinte, e ao outro, e ao outro.

Conclusión: ás veces a corda da forza destinada á morte pode atarse á vida.

Manel Monteagudo

LECTURAS RECOMENDADAS

TEMPO TARDADE

Raquel Miragaia

Através Editora, 2020

Cando Branca, protagonista da novela *Tempo Tardade*, regresa á aldea con motivo da morte da súa nai, inicia unha volta cara ao pasado e nesa travesía atópase cun segredo familiar que vai marcar o seu presente e como vai ser o camiño cara ao seu futuro, de xeito que a resolución das inqedanzas que se lle presentan pasa por non botar unha ollada atrás e así encarar con forza o seu destino.

Tempo Tardade trasládanos, coma se fose o escenario dunha obra teatral, ata o mundo rural, á volta á natureza que marca os ritmos vitais (descritos con moita beleza), a través dunha protagonista que está a fuxir do mundo da cidade e das súas regras de convivencia, enfrontando mundo rural e urbano con moito realismo e sen estereotipos.

Neste relato, escrito en portugués (unha ledicia atreverse de cando en vez con esta lingua), Branca e o seu tío avó Serafim serán os fíos condutores da novela e terán unhas vidas paralelas que conflúen nesa busca de atopar o seu lugar no mundo, unha das teimas filosóficas que preocupa ao xénero humano: quen somos e a onde pertencemos realmente. Branca “emigra” ao rural e á súa infancia buscando o seu sitio. Serafim emigra sendo moi novo á Arxentina sabendo que non pertence a ese país e tendo sempre o desexo irrenunciábel da volta a Galiza.

Tamén resulta moi interesante a dualidade que presenta a autora entre as personaxes urbanas (Branca e seu irmán Isaac) e os da aldea, Modesta e o seu fillo, que presentan características antagónicas en

Tempo Tardade

Raquel Miragaia

ATRÁVES
editora

canto á personalidade e actitude fronte a vida. Os primeiros son indecisos e dubidosos e os segundos mostran serenidade e fortaleza. Chegadas aquí é obrigado resaltar a importancia de Modesta no relato de *Tempo Tardade*.

Modesta é a veciña na aldea que representa a cordura e a sabedoría. Cando Branca se instala na casa materna é Modesta, nunha sorte de “nai adoptiva”, quen establece unha íntima relación coa protagonista, onde comparten confidencias vitais para ámbalas dúas mulleres. A través de Modesta, Branca redescobre a súa nai de xeito que se descobre a si mesma, obtendo respostas a tantas preguntas que buscaba dende a volta á casa da aldea.

A resolución a tanto desacougo pola descuberta do “misterio” familiar reside nos silencios que dende sempre formaron parte das relacións filiais como barreira defensiva para ocultar os “demónios” dun acto violento e abominábel. Comenta Raquel Miragaia nunha entrevista no diario dixital *Praza*: “... em alguma medida, o protagonista do romance é o silêncio, o que não se conta”.

Recomendo *Tempo Tardade*, como un relato moi interesante que convida á reflexión. Ten un valor engadido, o idioma portugués. Que iso non bote niguén para atrás, porque a lectura faise sinxela e deliciosa, e cando se atopa un “atranco” de comprensión é moi satisfactorio acudir ao dicionario para ampliar as palabras que “almacenamos” no cerebro e así dar respostas, como Branca, ás dúbidas filosóficas.

Lidia Vicente

Añón, secretario dun lord inglés (VI)

Ramón Blanco

*Fraco como un asubío,
Con tres enemigos loito,
Enfermedá, fame e frío,
E d'a miña vida o fío
Vaise adelgazando moito.*

Francisco Añón


Comezabamos a bosquejar estas liñas cadrando coa efeméride do nacemento de Edgar Allan Poe, cuxo poema máis sonado, "O corvo", foi publicado en 1845. Pensabamos tamén nesoutra data, inicio da Gran Fame irlandesa da pataca, cando a estatística conta a morte de máis dun millón de irlandeses do que cabería esperar en condicións normais. Así viu a infortunada Erin morrer os seus fillos e dixo o corvo: "Nunca máis". Poucos meses despois de saíren os irlandeses daquel inferno o legado da morte chegou a Galiza, o Ano da Fame de 1853 ficou marcado a ferro e lume na memoria da nosa terra, avivada, entre outras fontes, no relato da literatura do país, nomeadamente, e en varias ocasións, polo que referiu a propia Rosalía de Castro.

Coinciden aqueles anos de fame e penurias coa suposta relación laboral de Añón co lord inglés cuxa misteriosa identidade nos leva (a quen isto escribimos) entretendo, ou máis ben enredando, nestes meses de pandemia, que quixemos ancorar ao canto das fazañas gloriosas dun heroe do noso tempo: Boris Johnson, o arteiro, o fecundo en argucias. En aparencia, de figura antitética á de Poe, comparten ambos o naceren na antiga colonia inglesa das Américas, antes de recalaren na pérvida Albión, Edgar só de prestado, mais indisolubelmente ligado Boris ao destino da gran nai patria. Os dous foron xornalistas, e chegaron a dirixir cadansúa cabeceira. Sorprende en Poe que dese emerxido do caos étlico para gobernar esta empresa, e seica o fixo con éxito. Mais non é menor a fazaña do heroe do cabelo dourado: despedido de The Times por publicar unha cita inventada, acabaría dirixindo, en 1999, The Spectator, laboratorio e adestramento de tantos outros altos cargos do Partido Conservador que comezaron o seu periplo de redactores neste semanario, imaxinamos que o mesmo fundado en 1828 no cal atopamos algún dos avisos con referencias a sociedades de fiandeiros de algodón que citabamos no anterior artigo ("G. and W. Lord, Shawforth, Lancashire", The Spectator, en xuño de 1846). Comparten tamén a sedución das sereas, cada un ao seu xeito: Poe deixouse levar polo alcol, Johnson polo vicio de facer fillos (e non querer facer público o seu número total; o último naceulle na primavera de 2020, cando a pandemia da Covid-19 xa non só ensinaba os dentes, senón que mordía con forza, tamén nas carnes do semideus: renacía o pai da enfermidade só un par de días antes de vir ao mundo o novo capítulo da súa estirpe).

Pero a raza humana nunca aprende e, por mor desta peste nos tempos modernos, seguen os estatistas a contar mortes que superan o cupo agardado. A terceira onda ameaza con afundir o catálogo completo das naves, que son os hospitais colapsados. Gran Bretaña, onde supostamente se orixinou unha mutación aínda máis contaxiosa do virus, conta xa máis mortos ca na Segunda Guerra Mundial. Será por iso que Bojo (como lle chaman por alá) se deixa agora guiar pola frónese e decreta novas corentenas e confinamentos rigorosos; "igual a Zeus en prudencia", será o seu epíteto. Ou será que non ten máis remedio. Mais

benvido sexa o gobernante que afina o ethos acorde á música dos expertos sanitarios, e oxalá este non ter máis remedio sirva de remedio. Semella por veces quedar atrás o proceder do bufón ou pallaso (as pintas non) que viña canda outros distinguidos guerreiros no ventre dun cabalo de Troia chamado Brexit. Mais mantéñense intactos (o raposo perde a forza pero non perde a maña) os dotes do actor que ben puido ser, cal o seu sosia alén mar Donald Trump, ocasionalmente actor tamén con rango oficial.

E actores e actrices somos tamén nós, os enmascarados, no gran teatro do mundo. Na escena grega clásica usábanse as máscaras, este rito (relixioso ao principio) simbolizaba unha nova caracterización fóra do común. Co tempo a máscara converteu a persoa en personaxe: o vello, o novo, a muller... Mais daquelas máscaras florecía a diversidade, mentres que das nosas (si diversas na súa tipoloxía e composición) apenas brota un disface de uniforme: isto é, a uniformidade (e aínda ben se nos salva); de por parte, as vellas máscaras teatrais axudaban a amplificar a voz, mentres que as prosaicas máscaras do presente dificultánnos falar con claridade e comprendermos a quen fala. Igual ca Boris Johnson, e outros gobernantes, só temos de teatral o xesto. O saber que o pano ha caer algún día. Quen si tiña o teatro no sangue era Poe. Súa avoa materna foi cantante de ópera e actriz. Como tamén foi actriz a nai do poeta. E actor era o pai. Edgar Allan Poe, fillo de actores itinerantes, nacido en Boston en 1809. Nese ano os pais estaban a representar O rei Lear, disque o nome Edgar igual se debe a un personaxe desta obra de Shakespeare. Non sabemos que se segue esta tradición familiar, mais si é sonada a performance da súa propia morte, cuxo misterio continúa aínda hoxe. Mais para misterio o do tal lord Shawford. Outro máis dos xa non poucos da vida de Francisco Añón. Vida paralela tamén nalgúns cousas á de Poe, e mesmo á de Johnson: tres xornalistas (aceptando que Añón o fose), dous poetas co fígado afectado (sen probas de alcolismo no galego), talvez dous pais de fillos descoñecidos (temos falado desta hipótese na biografía do boelo), tres hospitalizados nas portas da morte: en Baltimore, en Madrid, en Londres... tres mortes anunciadas unidas por cadansúa "enfermedá", mais só un volveu á vida. Renacido e vitorioso (o Brexit culminou coa entrada deste novo ano) prepárase para renovadas odiseas. O corvo volve sentar, outra vez máis, no busto de Palas Atenea. Estende a negra ave as súas ás. O pano baixa. Logo virá a seguinte escena nesta peza de teatro (xa verán, e desculpen a demora). A traxedia está consumada. Agardemos que se cumpra o dito: "Nunca foi o corvo máis negro ca as alas". É refrán vello.



Daguerrotipo de Edgar Allan Poe, retratado probablemente en xuño de 1849 en Lowell, Massachusetts, por un fotógrafo descoñecido. Fonte: Wikipedia.